

**BORRADOR ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS  
(PONTEVEDRA), Nº 7/2017 DE CARÁCTER ORDINARIO, CELEBRADA O 25 DE AGOSTO DE 2017**

Salceda de Caselas, 25 de agosto de 2017

**ASISTENTES**

**Presidente**

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

**Concelleiros/as**

**Grupo municipal do Partido Popular**

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

**Grupo municipal de Movemento Salceda**

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

**Interventora do Concello**

Elisa Marques Parrilla

**Secretaria do Concello**

Noemi Sirera Diéguez

**HORA DE INICIO:** 09:10 horas

**HORA DE REMATE:** 00:41 horas.

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 09:10 horas, tras convocatoria efectuada polo Señora Alcaldesa accidental M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén (Decreto Número:2017-0470 Data: 04/08/2017) mediante Decreto Número: 2017-0522 Data: 22/08/2017, reúnense en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

#### **A) Parte resolutiva**

1. Aprobación da acta sesión anterior (Nº 6/2017 de 30 de xuño).
2. Expediente 1592/2017. MODIFICACIÓN INVENTARIO PÚBLICO DE CAMIÑOS. Incorporación ao inventario tramo final do camiño nº 9017 do polígono 24.
3. Expediente 1432/2017. Recoñecemento extraxudicial de créditos.
4. Expediente 1455/2017. Expediente de modificación orzamentaria nº 12/2017.
5. Expediente 1628/2017. Solicitud declaración Festa de Interese Turístico de Galicia da Festa dos Callos.
6. Expediente 1601/2017. Proposición de DEROGACIÓN da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (Moción presentada polo PSdeG- PSOE)

#### **B) Actividade de control**

7. Dar conta dos Decretos dende o 360 ao 521.
8. Expediente 1203. Dar conta do informe de morosidade e período medio de pago.
9. Expediente 1428. Dar conta do informe de Avaliación de Plan de axuste do 2º TR/17.
10. Expediente 1448. Dar conta do informe de execución trimestral do orzamento, 2º TR/2017.
11. Mocións grupos políticos, no seu caso

#### **C) Rogos e preguntas**

## INICIO DA SESIÓN

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Boas tardes a todos e a todas, benvidos unha vez máis a esta vosa casa. A este Pleno ordinario nº 7/2017 de 25 de agosto. Antes de comezar quería deixar claro que vamos a intentar que o Pleno dure ata as doce da noite, para que o Pleno sexa dinámico e produtivo e non se alargue en exceso, intentaremos evitar que botemos unha hora e media co mesmo punto e repetíndonos, polo tanto, isto é para que sexa máis dinámico, claro e conciso que ao final é do que se trata. Por último, pregar tamén ao público asistente que tamén manteña as formas e non se repitan episodios como teñen ocorrido noutras ocasións. Non sei se tedes os presentes algo que dicir.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Con respecto ao que vostede acaba de mencionar, en primeiro lugar paréceme moi ben o que di, pero aplíquese vostede o que acaba de dicir, en canto se refire as formas, pense o que fixo vostede encarándose cun veciño e sobre todo, como actuou o outro día cando fixemos a visita a Soutelo, aplíquese o conto e eu e os meus compañeiros, non teña a dubida de que así o faremos.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Boas tardes a todos e a todas, primeiro quería preguntarlle a Secretaria se a forma de proceder é esa, que as 12 da noite paremos o Pleno.

**Secretaria:** Rexe o principio de unidade de acto, polo que o Alcalde poderá levantar a sesión as doce da noite. Neste caso os asuntos non debatidos haberán de incluírse no orden do día da seguinte sesión.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu sabendo isto, e véndome como principal afectada que sempre son por número de concelleiros o último grupo en preguntar, o que pido é que se aplique a todo o mundo e que non pase o de sempre e que se levante a sesión e me quedo coas preguntas a medias sen contestar. Espero que sexa para todos igual e para rematar as doce o primeiro que temos que facer e chegar puntuais todo o mundo e comezar as nove en punto.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Quedan recollidas vosas apreciacións. Pasamos entón a aprobación da acta.

### 1.APROBACIÓN DA ACTA SESIÓN ANTERIOR (Nº 6/2017 DE 30 DE XUÑO).

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu si teño unha apreciación a acta, na páxina 49 no quinto párrafo cando interviña eu e falabamos do tema da seguridade pon rúa Arrollo, simplemente dicir que é rúa Rollo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Algo máis?

Non existindo máis observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 6/2017 de carácter ordinario celebrada o 30 de xuño de 2017, e a mesma é aprobada por UNANIMIDADE DOS TRECE membros presentes na sesión.**

### 2.EXPEDIENTE 1592/2017. MODIFICACIÓN INVENTARIO PÚBLICO DE CAMIÑOS. INCORPORACIÓN AO INVENTARIO TRAMO FINAL DO CAMIÑO Nº 9017 DO POLÍGONO 24.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** A proposta de alcaldía é aprobar inicialmente a modificación do inventario de camiños públicos que foi aprobada na sesión Plenaria do 24 de xuño do ano 2014 e publicado no BOPPO de 12 de xullo. A modificación afecta o tramo final do camiño 9017 do polígono 24 en Budiño- Bouzapanda tal é como indica a cartografía do catastro sinalada no informe técnico de esta proposta do 10 de agosto de 2017 asinada polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso.

Hai unha solicitude por parte dun veciño que nos pon en situación de que cando se fixo o traballo de campo e se aprobou o arranque dun camiño quedou a metade o que facemos é comprobalo e feito o informe por parte do técnico municipal corresponde subsanar a deficiencia, insuficiencia neste caso, e transcribir no inventario municipal o camiño ata o que esta na realidade, tamén esta grafiado no propio catastro. Abrir un período de exposición pública non inferior a 20 días hábiles tal e como marca lei, si se aproba, no Boletín Oficial; se se presentan alegacións resolverá o Pleno e de non presentarse considerarase definitivamente aprobada esta modificación, enviarase anuncio ao Boletín de aprobación definitiva e notificaráselle aos interesados e xa se transcribirá se procede ao inventario que xa citei antes.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Boas noites, nos como fixemos noutras ocasións e xa levamos bastantes, estamos de acordo que se inventarie como público o tramo que falta deste vial a petición dun veciño e pola nosa parte non temos nada máis que dicir. Si quería añadir que no último Pleno dixemos que un camiño que se pechou no barrio de Torreiro en Soutelo para que se iniciara un expediente de investigación o cal se comprometeu a inicialo e esperemos que non haxa que presentar por ningún veciño petición, senón que de oficio, se inicie o expediente tal e como o Alcalde se comprometera. Pola nosa parte, imos votar a favor.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Pola nosa parte parécenos lóxica a petición que fai a persoa afectada co cal nos, imos votar a favor. Entendemos que estas pequenas cousas quedan pendentes no inventario e é normal que agora se faga a modificación o cal o voto do partido socialista vai ser a favor.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pasamos entón a votación do punto número 2, segundo a proposta seguinte:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Asunto: Modificación inventario Público de Camiños. Incorporación ao inventario tramo final do camiño nº 9017 do polígono nº 24.*

*Considerando que o 1 de xuño de 2017 Dna. María Candelaria Cartiñeira González presentou instancia interesando a incorporación ao inventario municipal de camiños o tramo final do camiño catastral nº 9017 do polígono 24, Budiño - Bouzapanda.*

*Considerando que o 10 de agosto de 2017, o arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso emitiu informe no que fai contar que “(...) dende o punto de vista técnico non se ve impedimento para inventariar o tramo final do camiño nº 9017 do polígono nº 24”*

#### **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO:** *Aprobar inicialmente a modificación do Inventario de Camiños Públicos Municipais aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada o 28/06/2014 e publicado no BOP de Pontevedra o 12 de xullo de 2013. A modificación afecta ao tramo final do camiño nº 9017 do polígono nº 24, en Budiño - Bouzapanda, tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico de data 10 de agosto de 2017 emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.*

**SEGUNDO:** *Abrir un período de información pública non inferior a 20 días hábiles contados dende o seguinte a súa publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.*

**TERCEIRO:** *Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerarase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Camiños Públicos de Salceda de Caselas, e remitirase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.*

**CUARTO:** Notificar este acordo aos interesados. “

**Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión APROBA a proposta adoptando os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación do Inventario de Camiños Públicos Municipais aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada o 28/06/2014 e publicado no BOP de Pontevedra o 12 de xullo de 2013. A modificación afecta ao tramo final do camiño nº 9017 do polígono nº 24, en Budiño – Bouzapanda, tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico de data 10 de agosto de 2017 emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

**SEGUNDO:** Abrir un período de información pública non inferior a 20 días hábiles contados dende o seguinte a súa publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

**TERCEIRO:** Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerarase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Camiños Públicos de Salceda de Caselas, e remitirase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.

**CUARTO:** Notificar este acordo aos interesados.

### **3. EXPEDIENTE 1432/2017. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ten a palabra o Concelleiro de Facenda, Jose Luís González.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Boas noites a todos e a todas, este terceiro punto na orde do día é o segundo recoñecemento extraxudicial de crédito que traemos a Pleno. Confórmano tres relacións de gastos que tiveron entrada no ano 2017 que correspondían a gastos de 2016.

A primeira relación esta conformada por unha serie de facturas, oito en total, ascenden a unha cantidade de 19.268,59€.

A segunda relación trátase da indemnización dos membros da corporación que non teñen dedicación exclusiva por asistencia a órganos colexiados do período comprendido entre outubro, novembro e decembro de 2015 por un importe bruto de 4543,55€ e un líquido de 3589,41€.

E a terceira relación son os gastos de desprazamento do concelleiro de vías e obras pertencentes ao mes de agosto de 2016 por importe de 104,50€.

Conta co informe da Comisión informativa e se anexan cada unha destas relacións ao expediente.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Estamos ante un punto que recolle, tal é como di o Concelleiro responsable, o segundo REC de este ano 2017. O primeiro lembremos que foi por un importe de 164.000€ este preto de 24.000€ polo que estamos preto de 198.000€.

Nos sempre defendemos e dixemos en diversas ocasións que queda dentro do razoable, Recoñecementos extraxudiciais de crédito entre 150.000 e 200.000€, agora xa estamos nesa cifra e pouco máis hai que engadir.

Equivocámonos no Pleno de abril que dixemos que posiblemente sería o primeiro e único recoñecemento, estamos ante o segundo e esperemos que sexa o segundo e definitivo. O noso

voto vai ser similar o doutras veces, ímonos a abster e lembrar simplemente o voto do señor Alcalde alá por 2006 cando había un REC de 133.000€ e votaba en contra. A nosa posición non vai ser esa e sendo coherentes e sensatos estamos nunha cifra máis ou menos tolerable é a nosa posición vai ser a abstención.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** En relación con este punto, a nós nos estraña sobre todo que a factura de Frigolouro da festa dos callos sexa metida por rexistro en xuño, sete meses despois do ano seguinte. Supoño que queren cobrar para poder facer esta festa e por iso se trae agora o REC. Non me parece que sexa unha actividade normal na contabilidade dunha empresa presentar unha factura sete meses despois.

Por outra parte tamén hai que dicir que é o segundo REC que o importe non é moi elevado, está dentro da normalidade dun concello pero tamén e verdade que dentro deste REC veñen as indemnizacións aos Concelleiros da oposición do segundo semestre do 2015 nós sabemos o que pasou co importe desas indemnizacións e o único que quero deixar patente e que as nosas indemnizacións por asistencia a Plenos e Comisións queremos cobralas por procedementos normais e non a través dun REC. Entendemos que igual que hai partida para os salarios dos Concelleiros de goberno, tamén debe haber partida para as indemnizacións dos Concelleiros da oposición e non traelas a Pleno dous anos despois.

Por outra parte, nada máis que obxectar, o noso voto vai ser a abstención porque entendemos que os provedores teñen que cobrar pero coma sempre o informe do REC é negativo e co cal non podemos votar a favor.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Por alusións dicir que, Frigolouro non sei por qué será, porque é unha empresa solvente, pero sempre presenta factura a mediados do ano seguinte e se comprobamos o desglose maior que se vos aportou desta partida de gastos de festexos ves que vai incluída o ano pasado a factura do ano anterior.

Respecto ao que dis das partidas de asignacións a órganos colexiados de membros da oposición, puidestes ter cobrado fai un ano e non quixestes cando vos opuxestes ao REC, o motivo non foi porque non houbera partida neste caso, o motivo foi que a tramitación das últimas asistencias a Pleno se fai por trámites internos e se fai ao mellor no mes de febreiro ou de marzo e ten que ir a un REC se non quixestes cobrar foi porque botastes un ano dicindo que non ao pago desas facturas.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non ten porque ir a un REC, lembro que no 2016 cobrámoslas todas e non se levou a un REC. Voltamos ao mesmo, so queremos cobrar polo procedemento normal.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Insisto, o trámite que fagan dende intervención pode demorarse un mes ou dous, de ser o caso ten que ir a un REC.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pasamos a votación se vos parece, da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**

D. Marcos D. Besada Pérez, Alcalde- Presidente do Concello de Salceda de Caselas, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante a existencia de gastos realizados durante o exercicio 2016 cujas facturas foron presentadas durante o exercicio 2017 polo que non puideron ser tramitadas con cargo ao orzamento correspondente, segundo o detalle dos anexos que se achega coa proposta do

Concelleiro de Economía e facenda de data 28 de xullo de 2017, e vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente estes créditos.

Considerando que é xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis cercana aos cidadáns e, por conseguinte, aquela á que dirixen en primeiro lugar as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da CE que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local debe procurar axustar a súa situación á axilidade e eficacia que demandan os cidadáns. É por iso que, en ocasións e para dar resposta aos veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ao, por outra parte, ríxido procedemento legal.

Leváronse a cabo, neste sentido no exercicio anterior, determinados gastos correspondentes a subministros de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello cuxa facturación tivo entrada no propio exercicio 2017 e que non puideron ser tramitadas e aplicadas a cargo dos respectivos orzamentos

O Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao presuposto municipal. O propio lexislador consciente da existencia de estas actuacións “irregulares” pero en calquera caso necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao presuposto corrente, imputación nun primeiro momento prohibida por o principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación de un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de ésta; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministres de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Visto o informe de Intervención número EMP 121/2017 de data 27 de xullo, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores ou que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

En atención ao exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **Acordo**:

**PRIMEIRO.** O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe EMP 121/2017 de data 28 de xullo .

**SEGUNDO.** Aprobar o recoñecemento de créditos 2/2017 segundo o seguinte detalle:

- a) Relación 25 de recoñecemento extraxudicial 2/2017: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2017 e que se corresponden con gastos do exercicio 2016.

O importe total da relación 25 de recoñecemento extraxudicial 2/2017 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 19.268,59 € (líquido: o mesmo). A relación comeza pola factura N° 1849 de 18/02/2017 de Patricia Adriana Carlini, NIF X4642279M, por importe de 57,00 € e remata coa factura N° 1 de Industrias Frigoríficas del Louro S.A., CIF A36001998, de 09/06/2017, por importe de 17.090,43 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación).

- b) Indemnizacións aos membros da Corporación que non teñen dedicación parcial nin

exclusiva por asistencia a órganos colegiados, dacordo coa Base nº 35 das Bases de execución do orzamento prorrogado para 2017, para o periodo comprendido entre o 06/10/2015 ata o 30/12/2015, con cargo á partida 912-23000, por importe bruto de 4.543,56 €, (líquido 3.589,41 €). (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

- c) Gastos de desprazamento dentro do término municipal por razón de servizo a favor do Concelleiro de Vías e obras, Miguel González González NIF: 35.548.188-D, con cargo a partida 912-23100, co seguinte detalle:
- 104,50 € (550 KM) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do término municipal por razón de servizo durante o mes de agosto de 2016.

**TERCEIRO.** Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2017 os correspondentes gastos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente. “

**Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, aproba a mesma por seis votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e sete abstencións dos Sres/as concelleiros/as dos Grupos Municipais do Partido Popular o do PSdeG-PSOE, adoptando os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.** O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe EMP 121/2017 de data 28 de xullo .

**SEGUNDO.** Aprobar o recoñecemento de créditos 2/2017 segundo o seguinte detalle:

- d) Relación 25 de recoñecemento extraxudicial 2/2017: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2017 e que se corresponden con gastos do exercicio 2016.

O importe total da relación 25 de recoñecemento extraxudicial 2/2017 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 19.268,59 € (líquido: o mesmo). A relación comeza pola factura Nº 1849 de 18/02/2017 de Patricia Adriana Carlini, NIF X4642279M, por importe de 57,00 € e remata coa factura Nº 1 de Industrias Frigoríficas del Louro S.A., CIF A36001998, de 09/06/2017, por importe de 17.090,43 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación).

- e) Indemnizacións aos membros da Corporación que non teñen dedicación parcial nin exclusiva por asistencia a órganos colegiados, dacordo coa Base nº 35 das Bases de execución do orzamento prorrogado para 2017, para o periodo comprendido entre o 06/10/2015 ata o 30/12/2015, con cargo á partida 912-23000, por importe bruto de 4.543,56 €, (líquido 3.589,41 €). (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)
- f) Gastos de desprazamento dentro do término municipal por razón de servizo a favor do Concelleiro de Vías e obras, Miguel González González NIF: 35.548.188-D, con cargo a partida 912-23100, co seguinte detalle:
- 104,50 € (550 KM) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do término municipal por razón de servizo durante o mes de agosto de 2016.

**TERCEIRO.** Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2017 os correspondentes gastos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente.



#### **4. EXPEDIENTE 1455/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N° 12/2017.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ten a palabra o Concelleiro de área, Jose Luís González.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Este expediente de modificación orzamentaria faise para dar cabida a primeira cota do préstamo do parque Raiña Aragonta, dicir ao respecto que vimos de firmar coa mellor oferta presentada polas entidades. O día 10 de xullo procedemos a apertura de sobres, interesáronse dous entidades das catro que convidamos, ABANCA presenta un Euribor a tres meses máis 1,5% e o BBVA Euribor a tres meses a 1,09% optando por esta última entidade por ser a que mellor ofertou. Se asina o 14 de xullo o préstamo con esta entidade e ao eliminar os dous anos de carencia que nos plantexabamos, nos obriga a facer fronte a primeira das cotas o 14 de outubro de 2017.

Para elo, como no orzamento non está previsto esta partida, para facer fronte a este pago se leva esta modificación orzamentaria no tocante a amortización do importe da primeira cota para elo se vai dotar de crédito mediante un suplemento de crédito por baixa de anulación. A partida que se aumenta vai ser a de amortización de préstamos a longo prazo por entes de fora do Sector Público por un importe de 9.871,55€ que é o importe da cota de amortización. A partida orzamentaria é a 011913 e se financia con carga a baixa da partida 342-22699 Outros gastos diversos de instalacións deportivas polo mesmo importe. Dicir que conta co informe favorable de Intervención e dicir que esta modificación non afecta aos parámetros para dar cumprimento da estabilidade orzamentaria ou o cumprimento da regra de gasto.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Boas noites, entendemos que hai que facerlle fronte ao pago da cota no pago da amortización e de xuros, pero tamén entendemos que como dicías, Jose Luís, a redución da partida Instalacións deportivas outros gastos diversos, supón unha redución considerable dun 68%, pasamos de dispor de 14.441€ a 4.569€. Entendemos que se toca moito esa partida e nos pensamos que en base aos orzamentos, non é a partida máis axeitada para recortar neste caso, na emenda que presentamos nos plantexamos que a partida de soldos, de dedicacións parciais e exclusivas é máis que suficiente para facerlle fronte a estes 9.000€, de feito so se reduciría un 4,5%, é dicir pasaríase do que se adica este ano nos orzamentos, 212.537€ a 202.666€.

Hai que pensar que nos non estamos presentando aquí unha cousa por fastidiar, sempre fomos coherentes e consideramos que é un gasto excesivo no referente a dedicación e non o dicimos subxectivamente, atendendo a número de veciños, entorno aos 9.000 atendendo ao orzamento municipal entorno aos 4,5 millóns de euros, a partida para soldos é moi superior a que se destina aquí a moitos concellos da provincia, de Galicia e incluso de España, incidindo, está desproporcionada.

Por dicir outra, publicidade 42.300€ que pensamos que con esa redución do 4,5% non trastocaría moito os servizos dos veciños nin tampouco os seus soldos e por isto que entendemos que estamos en contra de reducir na partida que vostedes propoñen, Instalacións deportivas- Outros gastos diversos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Chegados a este punto invoco o artigo 177 da regulación de Facendas Locais que di no seu apartado 1: Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

Invoco tamén o Informe de Intervención EMP:144/16 con motivo por parte da presentación do PP de modificación de 2016 onde aclara tamén invocando a ese mesmo artigo que é competencia do Alcalde a incoación do expediente de modificación. Por tanto non procede a votación da emenda.

Por outra banda tamén aclarar que os acordos do Pleno de Organización están blindados por unha serie de sentencias xudiciais no estado español. A primeira, por certo, no caso de Cangas, polo tanto, non procede esta emenda en base o que acabo de invocar. Correspóndeme a min ordenar o procedemento e incoar o expediente, non lle corresponde a oposición sendo respectable e coñecida a vosa posición.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Vale, o artigo 177 e o informe da Interventora, pero tamén penso que o Alcalde pode ter en conta o que decida a maioría do Pleno porque a maioría do Pleno ben sendo a maioría dos veciños de Salceda. Respecto do que di vostede que está blindado, entendo que se viñera a dicirlle que habería que reducir a partida nun 50%, esta sería a xurisprudencia que vostede fala cando se pon en risco a gobernabilidade do Concello, non cando se fala do 4,5% que é o que afectaría. Esta sentenza que esta sacando vostede de que estaría blindado, ten matices, non é unha verdade absoluta.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** A lei ampárame a min coma Alcalde para iniciar o procedemento tal e como acabo de indicar co artigo 177 e o informe de Intervención.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu non vou quitar aquí nada sobre o Pleno de organización, creo que todos os presentes sabemos como se logrou aprobar os soldos do equipo de goberno, sabe de sobra que se aprobou aproveitando que o PSOE tiña un Concelleiro menos, entón é triste que alguén que quita no Pleno de organización os seus soldos adiante sen ter a toda a representación democrática do Pleno que son trece Concelleiros que non doce, porque somos trece os que representamos ao pobo de Salceda, agora veña a dicir que están blindados. Non vou a entrar nin nos soldos nin en nada máis como isto ten que seguir un procedemento e se de aquí sae aprobado nos presentaremos as emendas que consideraremos oportunas para que este diñeiro non sexa de esta partida e si de outras que consideramos nós máis oportunas e menos necesarias para o funcionamento habitual do Concello.

Esperaremos a ese período de emendas si é que se aproba esta modificación e se non entendo que o Alcalde que está en minoría terá que sentarse a negociar con algún dos partidos da corporación ou nunha mesa na que esteamos os tres para que o banco poida cobrar xa que os afectados cobraron e o banco quere cobrar e levar a cabo eses compromisos que o señor Alcalde adquiriu.

Pola nosa parte nada máis, esperaremos a ese período de emendas se é o caso.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Quería facer unha aclaración, non deixa de ser criterio de oportunidade política por parte do PP o que plantea na súa emenda, é certo que están blindados polo Pleno de organización os soldos e o de destinar ou sacar dunha partida para outra non deixa de ser criterio de oportunidade política que está a disposición do equipo de goberno. Igual que vostede plantexa sacarllo aos órganos de goberno, podes plantexalo e sacalo das súas asistencias por vir aos Plenos que tamén hai partida. Hai 20.000€ e se poden baixar a contía das súas asistencias. Hai importe para baixar o total. É un criterio de oportunidade política. Seguen esquecéndose vostedes que quen expropiou o parque Raíña Aragonta e deixaron de pagar foron vostedes, igual se debería aplicar a súa propia medicina. A realidade é esa, os terreos foron expropiados no 2005 e quen gobernaba era o PP, lle guste ou non lle guste.

Respecto do que dixo que non lle parece a partida máis oportuna, a de Instalacións deportivas, se vostede comproba o maior a data de hoxe, esa partida esta intocable, non se gastou un euro dos 14.000€ que había nesa partida así que as alturas do ano e coas previsións que hai na área para esta partida o crédito vai ser suficiente para as necesidades que vai ter.

Con respecto ao PSOE e bueno ao PP tamén, advertir que o 14 de outubro hai que facerlle fronte, precisamente porque vostedes eliminaron a carencia do préstamo de dous anos que nos planeábamos, hai que facer fronte a primeira cota, efectivamente se non se aproba esta modificación orzamentaria, e é máis, non so se non se aproba, se se presentan emendas se vai chegar tarde a afrontar o pago, porque hai un período de exposición de 30 días. Eu advirto e que conste en acta da urxencia de facer esta modificación orzamentaria para facer fronte o 14 de outubro ao pago a entidade bancaria.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Que conste en acta tamén que o responsable destas modificacións e de traelas a tempo para que non pasen estas cousas é o Concelleiro de Facenda non o PSOE nin o PP.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** O PSOE por votar en contra dos anos de carencia que plantexaba o goberno.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** O Concelleiro de Facenda podía consultar co PSOE, antes de traer as propostas a Pleno, levámolo repetindo dous anos e podo dicilo máis alto pero non máis claro, as veces hai que negociar, o equipo de goberno non se acaba de dar conta despois de dous anos que é un goberno en minoría e segue intentado traer as cousas por imposición. Sigo dicindo o mesmo, moitas veces sentarse nunha mesa e chegar a acordos, soluciona moitos problemas e avanzamos antes e máis rápido.

Dende logo eu nin o meu grupo nos sentimos responsables de que o banco non cobre o 14 de outubro. Dende logo se hai un responsable será o Concelleiro de Facenda de non facer as cousas ben e con acordo e consenso porque repito é un goberno en minoría.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Creo que te estás excedendo nas túas exposicións porque se ves o informe de Intervención se fixo correctamente dende o inicio. Eu o que estou dicindo e advertindo é que o goberno plantexaba dous anos de carencia precisamente para non ter que acometer este tipo de modificacións orzamentarias as cales vós vos opuxestes, a cal tamén conta con informe favorable de que se dispón de crédito para sacar desta partida, simplemente digo que conste en acta esta advertencia.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Si se incide nesa liña e será con alevosía porque se está dificultando a tarefa de goberno e sobre todo dos compromisos que adquiriu, este goberno e este Pleno que o do crédito si se votou en Pleno porque si é potestade do Pleno e creo que se votou a favor de todos os presentes por tanto, será unha incoherencia co que se decidiu e é unha falta de compromiso con quen se asinou.

Repito, quen inicia o expediente de modificación segundo a lei e segundo os Informes de intervención lle corresponde ao Alcalde estea en maioría ou en minoría. É un tema do executivo, eu respecto a separación de poderes, teño dito varias veces. O que non pode pretender Verónica é que se interfira na labor do executivo e a alternativa se queredes tomar a decisión xa sabes cal é, moción de censura, e esa pinza que existe de facto, a completades, é simple.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu so aclarar, hai dous partidos que esta mesma semana falan de moción de censura, unha é o Partido Popular e outra e Movemento Salceda eu creo que o PSOE non falou en ningún momento de moción de censura co cal

cadaquén coa súa opinión, non teño nada máis do que defenderme.

Cando se trae un tema a Pleno se supón que imos a votar en conciencia con ese tema que se trae a Pleno, se nos consideramos que non é a partida axeitada para quitar ese importe que necesita para pagarlle ao banco votaremos en contra, se consideramos que era a partida axeitada votaríamos a favor. Creemos que diminuír a partida de instalacións deportivas afecta máis aos veciños do que pode afectar a diminución da partida que propón o PP ou a de gastos en publicidade por exemplo.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Vostedes non souberon ler os resultados das eleccións de 2015, goberno en minoría que ten que ser dialogante e pactar, evidentemente nos atopamos con esta proposta na comisión e agora vostede ten que dicir é así e así, non Alcalde, non é así. Se vostede nos quere botar a culpa a nós de que isto non se aproba, non é así. Tiñan que facer un traballo, ao mellor non teñen capacidade para gobernar en minoría, teñen que ter maiorías absolutas e facer o que queren, pero así vamos mal, vamos mal co PXOM, vamos mal con moitas cousas, co que pasou co REC tamén, ¿teñen pensado chegar así ao final de lexislatura? Eu entendo que si.

Entón eu non teño máis que dicir penso que se pode sentar a dialogar desbloqueemos isto e bueno que dos soldos non estamos de acordo, pois miremos a de publicidade miremos, como dicía Verónica a de publicidade ou outras que vostedes consideren máis axeitadas.

Pola miña parte, dicirlle que imos a votar en contra porque non estamos de acordo coa súa proposta.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Moi ben, queda clara a vosa posición, se houberades feito ben as cousas no ano 2005 non estaríamos agora nesta situación, teríamos máis partida orzamentaria para todas as partidas.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Ten toda a razón cando manifesta que o executivo ten que iniciar un expediente, por suposto, nos non contradicimos o regulamento nos dicimos que no procedemento se nos poden aceptar as alegacións que fan os diferentes grupos se se quere chegar a acordos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 12/2017 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO A BAIXA POR ANULACIÓN.**

De conformidade co disposto no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, polo que se desenrola o Título 6º da citada Lei e da Base 9ª das Bases de Execución do Orzamento 2017, prorrogado do 2017, proponse ó Pleno da Corporación:

Primeiro.- a declaración de urxencia dos gastos a realizar e a formulación da presente proposta de concesión de suplemento de crédito:

I.- GASTOS:

DENOMINACIÓN	IMPORTE (aumento)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINANCIACIÓN (aplicación orzamentaria con baixa por anulación)	IMPORTE (disminución)
Amortización de préstamos a l/p de entes de fóra do Sector Público.	9.871,55 €	011.913	342-22699	9.871,55 €
<b>TOTAL:</b>	<b>9.871,55 €</b>		<b>TOTAL:</b>	<b>9.871,55 €</b>

**TOTAL HABILITACIÓN.....9.871,55 €**

II- FINANCIACIÓN:

- A) Novos ingresos: 0,00 euros
- B) Baixas por anulación: 9.871,55 euros
- C) Remanente de Tesourería afectado: 0,00 euros

**TOTAL FINANCIACIÓN..... 9.871,55 EUROS**

III) RESUMO:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito suplemento de crédito.....	9.871,55 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	0,00
b) Baixas por anulación.....	9.871,55 €
c) Remanente Tesourería afectado.....	0,00
3.- Financiación igual a Habilitación.....	<b>9.871,55 €</b>

“

Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, a mesma é rexeitada por seis votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e sete votos en contra dos Sres/as concelleiros/as dos Grupos Municipais do Partido Popular o do PSdeG-PSOE. Quedando polo tanto rexeitada esta proposta de modificación orzamentaria.

**5. EXPEDIENTE 1628/2017. SOLICITUDE DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA DA FESTA DOS CALLOS.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ten a palabra a Concelleira de Turismo M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira.

**CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS):** Boas noites a todos e a todas, como sabedes e estades informados facemos os 25 anos da Festa dos Callos procuramos ou pretendemos que con motivo de este 25 aniversario teñamos o recoñecemento de Festa de Interese Turístico, un recoñecemento que non deixa de ser honorífico, co que se distingue a moitas festas culturais, etnográficas... neste caso a nosa é unha festa gastronómica, unha festa a que é importante que se lle dea este recoñecemento pola promoción turística que pode ter.

Nestes últimos anos non so houbo un gran esforzo en potenciar esta festa senón en todo o que xira arredor, o “Salceda Hip-Hop” o “Serán dos Callos”, actuacións de diferentes grupos e monólogos fixeron que cada vez se achegaran máis a nós e cada ano haxa maior número de turistas e de veciños limítrofes.

Cremos que os criterios establecidos para este nomeamento: antigüidade, singularidade, arraigamento, accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas, valor cultural e continuidade no tempo, as cumprimos, é un expediente extenso e amplo que será remitido cando se vote a proposta en Pleno, supoño que quedará moito que engadir a ese expediente porque como vos dixen o proceso e longo e a documentación esixida é moita.

Falar tamén dos efectos, son moitos, subvencións que convocan as diferentes administracións e promocións específicas dentro da nosa autonomía ou fora dela e incluso planificar investimentos. Non afectan so a mesma senón ao entorno da mesma, falamos de prazas ou lugares onde se desenvolve a festa.

Todos son vantaxes, son 25 anos e cremos que nos merecemos esta distinción, levouse a Comisión informativa o día 22 de agosto e contou cos votos favorables de ambos grupos, PP, PSOE e Movemento Salceda e imaxino que sairá adiante como non pode ser doutra maneira.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP):** Boas noites a todos, como vostede dí todo son vantaxes, nos imos a votar a favor pero si é verdade que queremos cuestionar a memoria, creo que habería que facela un pouco máis atractiva, un pouco máis detallada. É amplo o que é a parte de hemeroteca, hai moitos carteis, moita información publicitaria que foi saíndo nos medios iso esta ben pero falta como un traballo previo de falar ao mellor cos axentes implicados, por unha parte o Concello, veciños, comerciantes... non sei penso que se lle pode dar outra volta máis e facelo máis atractivo. Nada máis que engadir.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Pola nosa parte, cremos que é algo bo para Salceda que beneficiaría aos veciños e aos hosteleiros e que aparte das subvencións chamaría moito. O noso voto vai ser a favor. Entendemos que o expediente e longo, que se pedirá por parte do organismo concedente máis información e estaremos pendentes do que se poida aportar. Do resto, o voto do PSOE vai ser a favor.

**CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS):** Contestarlle a Miriam , falámolo na Comisión, dixemos que estamos comezando, que se nos vai requirir moita documentación e ben, recoller as súas propostas de facelo o máis atractivo posible, por suposto, iremos perfeccionando.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** lectura da seguinte proposta:

*“M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén, Alcaldesa accidental do Concello de Salceda de Caselas, emite a seguinte proposta:*

- Visto o Decreto da Xunta de Galicia 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia (DOG 12 de 20/01/15)
- Visto que o Concello de Salceda de Caselas ven celebrando dende o ano 1993 a Festa dos Callos, chegando neste ano 2017 á súa 25 edición
- Visto que dita festa se axusta ás condicións establecidas pola Xunta de Galicia para a declaración de festa de interese turístico

PROPOÑO:

Que o Concello de Salceda de Caselas solicite á Xunta de Galicia a declaración da Festa dos Callos de Salceda como Festa de Interese Turístico de Galicia”

**Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, aproba a mesma por unanimidade dos Sres./as Concelleiros/as, quedando aprobado o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO: Solicitar** á Xunta de Galicia a declaración da Festa dos Callos de Salceda como Festa de Interese Turístico de Galicia.

**6. EXPEDIENTE 1601/2017. PROPOSICIÓN DE DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (MOCIÓN PRESENTADA POLO PSDEG- PSOE).**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** No anterior Pleno quedou sobre a Mesa, esperando informes de Secretaría e Intervención, dou lectura ás conclusións primeiro do informe de secretaria e despois do informe de Intervención.

Conclusións informe secretaria:

“a. Declárase inconstitucional parte da regulación do TRLRHL sobre o IIVTNU, pero únicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

b. Iso comportará a imposibilidade de aplicar a lexislación declarada inconstitucional.

c. Ata que o lexislador estatal non aprobe a nova lexislación non se poderá concretar a forma de determinar a existencia ou non de incremento susceptible de ser sometido a tributación.”

Conclusións informe intervención:

A vista de todo o anterior, as Entidades Locais poden optar entre non liquidar o imposto para o caso de que o contribuínte manifeste ausencia de incremento de valor (coas malas consecuencias que isto terá en termos de recaudación de necesarios ingresos de dereito público, desde o punto de vista da suficiencia financeira local), ou ben, arriscarse a liquidalo a pesar do anterior.

Polo tanto, e o meu entender, a STC nº 59/2011, de 11 de maio de 2017, non obriga a derogación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre o Valor dos terreos de Natureza Urbana, se ben, é dado que se trata dun imposto de carácter potestativo, artigo 59.2 TRLRFL, esto non impide que as Entidades locais poidan proceder a súaderogación cando o estimen oportuno, pero, e reiterando o xa manifestado en anteriores informes (ex. Informe de Intervención nº EMP 142/16, de 31 de agosto), calquer modificación tributaria á baixa non debería ser tomada en consideración illadamente, senón que habería que prever os seus

*efectos no cálculo das distintas magnitudes orzamentarias, así como da estabilidade e a regra de gasto, e, en liñas xerais, sería conveniente que calquer redución en conceptos de ingresos fose acompañada da correlativa redución do gasto ou incremento dos ingresos en outros conceptos. .”*

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Primeiro habería que votar a ratificación da urxencia, pero a vista dos informes emitidos, e indo ao fondo da cuestión, vou volver invocar o artigo 177: Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo. Por outra banda invoco os Informes de Intervención municipal, concretamente, o EMP 142/16 o EMP 144/16 e ademáis ter en conta que a minoración dos ingresos deste orzamento o que pode provocar é a insuficiencia que indica a Interventora municipal, e invoco a maiores o artigo 168.1 da Lei de Facenda Local, O Alcalde conforma o orzamento. Polo que este punto non se vai tratar porque non é competencia deste Pleno é competencia da Alcaldía, en todo caso se queredes entrar a valorar os informes de Secretaría e Intervención podedes pero non é competencia deste Pleno a modificación que se fai sobre o orzamento.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Entendo que como mínimo debo ter a oportunidade de explicar a moción, xa que a presentei no outro Pleno e estivemos esperando polos informes de Secretaría e Intervención e xa que o señor Alcalde entrou a valorala, o PSOE foi quen a presentou digo eu que terá a oportunidade de explicala e tamén dicir que non estamos de acordo coa interpretación que o señor Alcalde lle da aos informes.

Primeiro, o PSOE presentou no mes de xuño unha moción sobre a Ordenanza Fiscal do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana o comunmente chamado Plusvalías e dicía o seguinte:

Salceda dispón dunha ordenanza fiscal do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de Natureza Urbana, en aplicación desde febreiro do 2006. Este imposto atópase regulado no Real Decreto Lexislativo 2/2004 (LRFL) nos artigos 104-110.

Constitúe o feito imponible deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana do termo municipal do concello de Salceda de Caselas e que se poña de manifesto a consecuencia de transmisión de propiedade dos mesmos por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

Dan lugar a realización do feito imponible:

- Todo tipo de transmisións de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.
- Todo tipo de constitucións e transmisións de dereitos reais de goce limitativo de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.

Por outra banda o 11 de maio do presente ano, unha sentenza do TC declara inconstitucionais determinados preceptos da norma estatal que regula este imposto. Considéranse inconstitucionais e nulos determinados artigos na medida que se someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

Según a sentenza, é inconstitucional a aplicación deste imposto naqueles casos nos que o solo urbano perdera valor. Pero aplicando os valores catastrais como base imponible ,



estes en moi raros casos, reflexan unha perda de valor da propiedade.

Mentres se segue aplicando o imposto, desde Facenda, a FEMP e outros organismos estanse a estudar diferentes alternativas para ofrecer ós contribuíntes as garantías e mecanismos necesarios que permitan acreditar, ande así sexa, que non existiu incremento de valor nese período considerado.

Así pois, por todo o anterior e ante a inseguridade xurídica xerada e tratándose dun imposto de carácter potestativo, non obrigatorio, instamos ó PLENO a tomar o seguinte acordo:

1- Previos informes de secretaría e intervención, DEROGACIÓN da ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA mentres non se modifique a lei que a regula e con efectos desde a publicación da sentenza.

2- Unha vez modificada a lei, se proceda á aprobación dunha nova ordenanza.

Que queremos dicir con isto, o 11 de maio o TC publica unha sentenza na que manifesta inconstitucional, que tamén o repite a Secretaria no seu informe, que declarase inconstitucional parte da regulación pero unicamente na que someten a tributacións de inexistencia de incrementos de valor, iso imposibilitará a aplicación da lexislación declarada inconstitucional, é dicir, hai parte que non se pode aplicar e ata que o lexislador estatal non aprobe a nova lexislación non se poderá concretar a forma de existencia ou non de incremento susceptible de sometelo a tributación. É dicir, si se segue aplicando, haberá casos nos que se lle cobre a un veciño por esa Plusvalía e logo o veciño teña que reclamar a devolución dese importe cobrado erróneamente.

Nos o que pretendemos con esta moción, é xusto iso, que se cobren de maneira errónea. O noso entender, cada quen lle quita a interpretación que queira, Intervención di claramente que isto non impide que as entidades locais poidan proceder a súa derogación cando o estimen oportuno, é dicir, a vontade é non facer pasar aos veciños de Salceda por esa situación, que en posibles casos teñan que reclamar, pois que se derogue este imposto ata que haxa o modelo de calculo que o lexislador estime oportuno e logo facer unha nova ordenanza coa nova regulación.

En canto a que modifica as contas, pois para sabelo deberían estar as contas. Entendo que o servizo técnico fai os informes que crea oportuno pero os cálculos do que se cobrou polas Plusvalías o ano pasado non son como para desestabilizar as contas do Concello.

Queda patente que o señor Alcalde quere facer unha vez máis a súa imposición en todos os temas, pretende seguir cobrando unha ordenanza que é inconstitucional nunha parte e non podemos facer nada máis. Gustaríame que a Interventora falase.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Eu invoco diversos informes de Intervención xa que no voto particular dos orzamentos do 2016 que invocou o PSOE, non é competente o Pleno para modificación dos orzamentos é competencia do Alcalde, non é unha imposición do Alcalde é unha imposición da Lei e o que pretendedes dándolle a volta a tortilla é impoñer algo.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Noutros concellos se está aprobando para non facer pasar aos veciños por estes procesos, incluso de situacións que os veciños teñan que pedir microcréditos para pagar as Plusvalías e despois teñan que facer reclamación ao Concello porque llas cobraron mal.

Voltamos ao mesmo, se o señor Alcalde non quere, pois non quere pero que quede claro que se podería aprobar pero é o Alcalde o que non está pola labor de facelo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Como discurso está ben, o presidente da FEGAMP, que é do PSOE e alcalde de O Barco tres días despois de que trouxerades isto a Pleno para nosa sorpresa, dixo o que dixo, mentres o lexislador, que é quen ten que cumprir a sentenza, non é este Pleno nin é este Alcalde. É o Ministerio de Facenda, polo tanto esta Ordenanza está en vigor, se despois resulta que os criterios do Ministerio de Facenda marcan que hai que devolver un cobro indebido, como en calqueira caso, haberá que devolver e cumprir o que marque pero mentres tanto se vai a cumprir.

Por outra banda, o presidente da FEMP, Abel Caballero que tamén é Alcalde do PSOE ten a mesma posición, simple lóxica. Se alguén acredita que en vez dunha plusvalía tivo unha minusvalía, como todo, ten dereito vía reclamación. O Presidente da FEMP e alcalde de Vigo e o Presidente da FEGAMP e alcalde de O Barco ambos do PSOE defenden a posición que estou defendendo eu, porque é a lóxica.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** A lóxica é non cobrarlle aos veciños cando hai unha sentenza que é inconstitucional nunha parte e leccións de socialismo as mínimas.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Eu estou pondo exemplos non dando leccións.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Magoa que de Movemento Salceda non poida por outros exemplos, pero xa estou cansada de escoitar como no Pleno pasado se deron leccións socialistas do Concelleiro de Obras e agora do señor Alcalde cando nin se sabe onde están, nin o que son, nin o que é a súa ideoloxía pasando primeiro polo BNG, estando gobernando dous anos como non adscritos e agora como Movemento Salceda, entón leccións as xustiñas.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Avalaron as urnas Verónica. De socialista non che din leccións, de democrata si.

#### **B)ACTIVIDADE DE CONTROL:**

##### **7.DAR CONTA DOS DECRETOS DENDE O 360 AO 521.**

Como xa sabedes é a relación de decretos de todos aqueles asuntos do día día. Queda dada a conta.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Respecto os decretos, agora co cambio de sistema informático, se nos facilitou unha relación de Decretos, o resume é bastante escueto e propoñemos o sistema que se estaba aplicando anteriormente, imprimir todos os Decretos e a información que o acompaña como ata agora. Entendemos que cando se nos manda a relación temos que mirar cal interézanos e dicirlle o funcionario que imprima o Decreto que queremos, penso que poden ser bastantes polo que é moito máis fácil que se impriman todos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Perfecto, pois se é posible que se faga polo sistema tradicional, que se faga.

##### **8. EXPEDIENTE 1203. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Como sabedes son os infomes pertinentes e preceptivos que elabora a Intervención e os técnicos municipais para o Ministerio de Facenda. Dada a conta.

**9. EXPEDIENTE 1428. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE PLAN DE AXUSTE DO 2º TR/2017.**

O sr. **Alcalde** dá conta do informe nº EMP 123/2017 de Avaliación de Plan de Axuste do 2º trimestre de 2017.

**10. EXPEDIENTE 1448/2017. DAR CONTA DO INFORME DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DO ORZAMENTO, 2º TR/2017.**

O sr. **Alcalde** dá conta do informe nº EMP 130/2017 de Avaliación execucións trimestrais das entidades locais para 2017, correspondente ao 2º trimestre de 2017 de Plan de Axuste do 2º trimestre de 2017.

(Neste intre a Interventora do Concello abandona a sesión plenaria)

**11. MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Estou vendo os rexistros de entrada para respetar o orden.

1. REXISTRO DE ENTRADA 2017-E-RC-4750

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Boas noites. Dado que no último Pleno Ordinario do mes de xuño solicitabamos por aquel entón a comparecencia do Alcalde, do Concelleiro de Facenda e da Concelleira de Cultura para que deran explicacións respecto da situación dada despois da venda das entradas das actuacións no Auditorio e o non ingreso deses fondos nas contas do Concello e visto que no Pleno non foi explicado todo axeitado con documentación oficial, e logo da imposibilidade por motivos diferentes de persoas deste grupo de non poder solicitar a convocatoria dun Pleno Extraordinario no mes de Xullo, consideramos oportuno esperar un par de semanas máis e traer a través dunha moción a creación dunha comisión de seguimento ao respecto xa que é unha competencia do Pleno que se así o acorda terá que constituírse.

Dito isto na moción na exposición de motivos viña a dicir:

*“En Abril do corrente, este Grupo Municipal tivo acceso á contabilidade do Concello do ano 2016, ó libro Maior de Gastos e ó libro Maior de Ingresos.*

*Na función de control ó Goberno, analizando a documentación facilitada, o mércores 21 de xuño, o PP de Salceda denunciaba nunha nota de prensa a falta nas contas do Concello do importe da recadación da actuación do humorista ISI, onde se esixía o pago dunha entrada para o público que quixera asistir ó espectáculo. Dita denuncia fundamentábase na ausencia do apunte contable no libro Maior de Ingresos do importe da recadación das entradas, por ser esta actuación organizada integramente polo Concello (xestión da venda das entradas) e si existindo unha factura de pago contabilizada da actuación. É dicir, pagouse a actuación con cargo as arcas do Concello, mais non se ingresa o importe das entradas.*

*Dous días despois, detectábanse dúas actuacións máis no 2016 onde tampouco se ingresou as recadacións das entradas. Neste caso son as actuacións no auditorio Municipal de Batemento o 4 de setembro (día da testa dos Callos) e da de Vaamonde, Lamas & Romero o 6 de febreiro (Entroido). As irregularidades detectadas son as mesmas que na actuación inicial*

*Solicitouse a comparecencia do Alcalde, da Concelleira de Cultura e do Concelleiro de Facenda no Pleno Municipal que se celebrou o 30 de xuño, onde non foron quen de aportar ningunha documentación oficial que avalase e aclarase o destino dos cartas obtidos na recadacións das entradas. Incluso ensinaron documentos (non oficiais dalgunha actuación) dos cales non aportaron copia á oposición.*

En consecuencia, tratándose dunha administración pública, evidenciando a evolución dos acontecementos en relación a:

a.- Actitude opaca do Alcalde e Grupo de Goberno.

b.- Volatilidade e falta de consistencia dos argumentos expostos.

c.- Suposta "ilegalidade" do método de pago ós artistas

d.- Non presentación de documentos oficiais que certifiquen a trazabilidade da recadación das entradas, é dicir, que indiquen sen lugar a dúbidas o destino final dos cartos que pagaron os veciños por presenciar estas actuacións,

E polo que obriga a este Grupo Municipal do Partido Popular de Salceda de Caselas a propor ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1.- O Pleno Municipal acorda a constitución dunha "**Comisión de Seguimento**" co fin de analizar o procedemento seguido na contratación e pago das tres actuacións realizadas no Auditorio Municipal organizadas polo Concello no ano 2016 ("O show de ISI o 3 de setembro, Batemento o 4 de setembro e da de Vaamonde, Lamas & Romero o 6 de febreiro), e o destino do recadado polo Concello na venda das entradas.

2.- Esta Comisión constituirase no prazo máximo de 30 días naturais a partir da adopción

do acordo plenario, entregándosele a todos os grupos da corporación coa suficiente anterioridade á celebración da mesma, toda a documentación relativa as actuacións mencionadas, contratos, facturas emitidas polo Concello, aforo alcanzado en cada actuación, documentación oficial que ditamine o destino final da recadación das entradas, etc, así como toda documentación que estime oportuna o Grupo de Goberno que sexa susceptible de ser incorporada.

3.- A periodicidade coa que se reunirá a Comisión de Seguimento será de 30 días, e serán os membros de dita comisión os que determinarán o número de sesións necesarias para ditaminar sobre o tema en cuestión. O ditame obtido levarase ó Pleno seguinte.

4.- O Pleno acorda solicitar informes a Intervención e Secretaría Municipal sobre o procedemento e a xestión económica seguidas nestas actuacións polo Grupo de Goberno, no referente a súa legalidade e transparencia, e que determinen e certifiquen en ditos informes o destino do importe recadado na venda das entradas."

Creo que é un tema que cada un pode cualificalo como considere, estamos falando de que os cartos dos veciños non entraron nas contas do concello, estamos a falar de que o Concello non foi capaz de xustificar con documentos oficiais a trazabilidade dos cartos, a onde foi o destino final dos cartos e cremos oportuno e convinte saber a onde foron para eses cartos que os veciños tiveron que pagar por ver esas tres actuacións, polo tanto solicitamos a este Pleno que acorde a creación desta Comisión para esclarecer ditos feitos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non coñezo a existencia dunha Comisión de seguimento, non existe esa figura no procedemento do ámbito municipal. Ademais do que falades é un feito que aconteceu e ademais está pechado, o seguimento e cando algo está en marcha. No caso dun procedemento onde hai un contrato menor non é necesario un contrato, basta cunha factura entrada por Rexistro, a actuación existiu, foi conformada pola Concellería de área e polo tanto, Comisión de seguimento por algo que está pechado pois para comezar non ten sentido e para continuar non procede e pouco máis teño que dicir a este respecto.

As explicacións xa se efectuaron con toda a premura e urxencia que se pediu no propio Pleno sen esperar ao seguinte, os compañeiros e compañeiras que foron citados a comparecer deron as explicacións oportunas e chegado a este punto se o PP considera que hai algo, ten que ir ao tercer estadio, un é o executivo, outro é o legislativo e outro é o xudicial, nos non imos a participar en ningunha obra de teatro ou sainete que se montou o PP, moi respectable a súa opinión, sobre algo que esta pechado, cunha actuación que existiu e reitero que non é obrigatorio nos contratos menores asinar ningún tipo de contrato.

Non se vai a someter a votación esta urxencia porque é totalmente improcedente, o que toca, respetando os principios constitucionais, é acudir a separación de poderes no estado español que é a nivel xudicial. Unha vez se respetou a vontade de comparecer para dar as explicacións oportunas, consideramos que están dadas e por tanto, non procede e é improcedente porque é un tema que está pechado, unha Comisión de seguimento que como o seu propio nome indica, é de seguimento, e non existe seguimento de algo que está pechado. O único seguimento se alguén quere facelo é a nivel xudicial.

Por outra banda, non imos a permitir, que xa bastantes dificultades temos nos servizos técnicos municipais para levar a cabo os compromisos que ten este Concello, non imos a permitir, na medida das nosas posibilidades, que se estea alterando o libre funcionamento, que se atiborren con informes que non están debidamente xustificadas sexa polo número de membros que o presentan ou por procedementos políticos que son alleos aos intereses dos veciños de Salceda, por moi interesantes que lle sexan ao PP. Reitero, que non imos permitir que se intente bloquear a acción municipal a través de ter enredados aos Técnicos municipais coa emisión de informes, cando se sabe tanto PP como PSOE que xa estiveron no goberno e polo tanto hai un intento alevoso e sistemático de tentar bloquear a acción municipal, a acción do executivo. Reitero cando sexa pertinente aceptaremos pero as prioridades do Alcalde e do executivo para defender os intereses dos veciños está por enriba do lícito dereito da oposición a facer o seu traballo pero en todo caso non pode perturbar esa acción porque temos cousas máis importantes que facer en defensa dos intereses dos veciños. Reitero, executivo, legislativo e xudicial. O executivo ten as obrigas legais que ten, bastante traballo deixastes vos en trinta anos de goberno aínda enriba hai compromisos, prazos que cumprir, de subvencións, de convenios, de plans e ademais regularizar cousas que vos deixastes despois de anos. Acabamos de asinar agora por fin, despois de once anos, por iso chegamos tarde señora portavoz do PSOE, os novos concesionarios da praza de Abastos, por certo, motivo polo cal o PP me levou a fiscalía, e certo que o fiscal non lle fixo moito caso, e arquivou a causa pero dentro desa denuncia penal había outros temas que estaban pendentes de solucionar que vostedes deixaron sen facer. Polo tanto non podemos perder o tempo en obras de teatro e sainetes como esta, si queren facelo xa saben onde teñen que facelo, no xulgado.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Mire, lle recordo a súa intervención inicial de non dar mitíns. Eu xa sei cando veñen mal dadas tira a tinta do calamar como di meu compañeiro Joaquín, se para vostede como representante dos veciños non lle é importante saber onde foron parar os cartos que os veciños pagaron para ver un espectáculo, apaga e vámonos.

Alcalde, é competencia Plenaria porque o di o ROF e polo tanto, este Pleno ten competencias para crear Comisións. Outra cousa é que vostede actuando de autoritario, impida a labor deste Pleno.

A culpa señores Concelleiras do PSOE non é de este grupo, é de quen segue permitindo un Alcalde autoritario que non acepta ningunha proposta. Eu lle pido por vez primeira nun Pleno que reflexionen se merecemos seguir tendo un Alcalde que chulea a todos os membros da oposición, que nos falta ao respecto, que nos impide facer a labor como oposición. Así o que

estamos permitindo é que se veñan arriba e o saben e están moi tranquilos e poden facer o que lle dea a gana porque saben publicamente que van a estar ata o final do mandato. ¿Prefiren ter a este Alcalde que buscar unha alternativa que os veciños creo que ben merecen?

Reitero que vostede está impedindo saber onde foron para os cartos desas actuacións, reitérolle que non hai ningún documento que ampare o que vostede acaba de dicir respecto da trazabilidade e do ingreso deses cartos e vostede di que o procedemento está pechado. ¿Me pode dicir en que se ampara vostede para dicir que ese procedemento está pechado? ¿Que decreto? ¿Que regulamento?, ¿que oficio dun funcionario desta casa certifica que está clariño onde foron parar os cartos desas tres actuacións? ¿Pode demostrarme vostede onde foron parar os ingresos desas actuacións? Pode demostralo vostede? Non.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**A carga da proba no delito no estado español recae no que acusa. Repetar a legalidade non é impoñer. Esta dicindo nun Pleno algo que ten que decidir un xuíz, non vostede.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Mostre vostede a proba onde avale o que vostede está dicindo, que esta todo clariño.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Vaia ao Xulgado e nos xa demostraremos que non ten razón.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Nós demostramos que os cartos non están nas arcas do Concello e vostede non ten esa documentación que ese diñeiro foi a parar e ser ingresado nas contas do Concello, polo tanto, hai unha irregularidade clara e manifesta. Vostedes non teñen a intención de esclarecer e solventar impedindo a este Pleno a creación dunha Comisión para para investigar o procedemento seguido dende a venda das entradas ata o non ingreso deses cartos na conta do Concello. Por suposto que imos seguir adiante, non teña dúbida porque isto é un desvío dos cartos dos veciños non se sabe a onde, é desvío de cartos dos veciños que pagaron unhas entradas para ver nun edificio municipal e público unhas actuacións e esa recadación non se ingresou nas arcas do Concello. Non están na contabilidade do Concello, non está no libro maior de ingresos do Concello e polo tanto, nalgún lado estará e hai que demostralo con documentación. Se vostede lee a acta do Pleno, o que manifestaron aquel día evidencia que vostedes están omitindo, fraude ao IVA suposto pago en B a non se sabe quen. A acta do Pleno é contundente respecto do que vostedes dixeron e por suposto que imos a indagar ata o final.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Telo fácil, para iso están os Xulgados en España.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**É lamentable, que vostede fale de transparencia e de diálogo, actuando de maneira ditatorial impide a este Pleno a creación da Comisión. É lamentable a súa actuación cando non pode demostrar e cando un ten que evidenciar e esconderse pola realidade e cando vostedes se senten acurrallados porque os pillamos como se soe dicir coas mans nos bolsillos respecto destes cartos, que non aparecen pois claro, impide a labor desta oposición.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Afortunadamente vostede non é xuíz e as súas sentencias son un brindis ao sol. Son unhas obras de teatro que nada teñen que ver coa realidade e sobre todo non respetan o que marca o ordenamento xurídico do estado español, comezando pola Constitución e a separación de poderes e do Poder Xudicial para ditar sentencias xudiciais, se o teñen tan claro e é tan evidente, reitero, a carga da proba reside no denunciante non no denunciado e para iso están os tribunais.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Quero manifestar claramente que o Alcalde impide a votación desta moción para a creación dunha Comisión de seguimento de investigación respecto do paradeiro final dos cartos que pagaron os veciños por ver unha actuación no Auditorio municipal no pasado 2016 e o ROF ampara a este grupo a someter a este Pleno a moción para a creación desta comisión e o Alcalde non accede, non admite, impide, a creación desta Comisión.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Xa dixen que non procede e os motivos xa os expliquei.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Un par de cousas ao PP e logo ao Alcalde. Ao portavoz do PP dicirlle que as faltas de respecto que o señor Alcalde fai contra min e o voso grupo tamén eu creo que din máis del que de min, polo tanto eu non vou perder a educación nin o saber estar en ningún momento co señor que temos por Alcalde que di que fai un proceder democrático sempre, iso di máis do señor Alcalde que de min.

Por outro lado, dicirlle ao PP que a forma de chegar a Alcaldía ,xa o dixen antes, os dous partidos políticos que falan de moción de censura e o PP e Movemento Salceda, ao mellor teñen que falar e porse de acordo e cambiar de Alcalde. O que está claro é que a forma de chegar a Alcaldía é co voto dos veciños, non é con trapicheos nos despachos cerrados nin con mocións de censura. O grupo socialista e eu na miña persoa non temos presa ningunha de chegar ao sillón da alcaldía, temos presa por facer as cousas ben e esperar a que a xente nos dea a confianza para chegar a gobernar e como creo que a xente é intelixente e valora o que fai cada partido, cada grupo, pois entendo que xa nos darán a súa confianza, eu presa non teño, se alguén ten presa que pida os votos dos veciños porque a verdade, hai unhas eleccións e é para que se vote para gobernar, non con trapicheos nos despachos cerrados nin cousas por detrás nin demais.

Por outro lado, dicirlle ao señor Alcalde que queda claro e demostra que todo o seu proceder é moi democrático. Se non lle quere chamar Comisión de seguimento, chámelle Caso Auditorio tampouco me gusta pero pode dicir o que lle dea a gana pero permita que haxa transparencia no concello e demostre de verdade que non pasou nada o calar da a sensación de que algo escondemos.

Por último preguntarlle ao señor Alcalde que criterios segue para decidir que isto sexa unha obra de teatro ou un sainete, ¿que é para el unha obra de teatro ou un sainete? Que o defina porque para el todo é, quitarlle un imposto inconstitucional aos veciños é un sainete, querer saber onde foron a parar uns cartos é unha obra de teatro. Ese é o proceder democrático do señor Alcalde.

Repito, os veciños son sabios, son intelixentes e creo que esta forma de proceder tamén a valorarán no futuro.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Lembro en todo caso, que aquí se compareceu a petición do PP dende o minuto un e se deron todas as explicacións. Transparencia absoluta e explicación absolutas. Nos non vamos a seguir con sainetes de interese seguramente político e se en todo caso alguén ten algunha dúbida, a carga da proba está no denunciante e para iso están os tribunais en España. Por certo, reitero, non existe no ordenamento xurídico municipal a figura da comisión de seguimento do feito que a seguir está executado. Se non estades de acordo co meu parecer, xa sabedes o que tedes que facer e non facernos perder o tempo a todos.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿Vostede di que é perder o tempo saber onde foron a parar os cartos dos veciños?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Iso é o que vostede di, o expediente é claro. Se contrata unha actuación, se emite unha factura, se conforma a actuación que todos temos claro que sucedeu por iso se conforma e se paga.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿onde se ampara vostede para xustificar que o procedemento está rematado? ¿No expediente?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non existe expediente de contratación cando é un contrato menor, hai un contrato verbal e unha factura.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Vostede non ten ningún documento, ningún expediente ningún certificado dun funcionario onde manifeste e diga que o que vostede di está pechado. Nesta moción aclaramos que a documentación presentada non aclara fehacientemente onde están os cartos, por iso nos pedimos a creación dunha comisión. Nós queremos que, e os veciños sobre todo, saber onde foron parar os cartos que pagaron polas entradas e se vostede como Alcalde considera que esto non é importante..

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** A min non me preguntou ningún veciño. Non procede que siga falando de algo que xa se falou no Pleno anterior, xa comparecimos.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Non queréndonos desviar, porque o importante é o que estou plantexando, pero tamén non é menos importante o que estamos a padecer por este goberno en minoría. Despois do que vostede, Verónica, acaba de comentar de acceder a alcaldía por trapicheos nos despachos, o que pasou no ano 2011 deixache bastante tal.

A coherencia señoras Concelleiras e ex Concelleira do PSOE e respectar a vontade do pobo como eu sempre respectei e actuei, no ano 2011 e no ano 2015, esa é a coherencia, respectar a vontade do pobo manifestada nas urnas, que governe o que gane, que foi o que fixemos nós no ano 2015 iso non significa que na metade dun mandato haxa motivos suficientes, que os hai, xa non so polas formas que tamén, que son graves, pola actitude, por non aceptar nada, que non acepta nada e que quere seguir gobernando como se tivera maioría, por iso é importante reflexionar. É a miña humilde opinión, nos respectamos a vontade do pobo, e os trapicheos dos despachos sucederon noutros anos cando impediron gobernar cando perderon as eleccións ao borde da maioría absoluta.

Dito isto, respectamos a decisión de cada grupo, agora moitas das cousas que lle di este goberno en minoría a vostedes en diferentes Plenos, nas formas, nas maneiras, na actitude por suposto que non as compartimos, é máis o digo claramente, son moitas veces dunha forma irrespectuosa absoluta .

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Solo un par de cousas, as formas e o demais, di máis del que de nós, el mesmo se retrata e por outro lado, eu creo que a solución deste Pleno pasa porque traíamos a Zapatero e a Marina Cabaleiro porque son as herdanzas de todo. Traemos aos dous e solucionamos todo.

Creo que debemos centrarnos no Pleno e non desviarnos, non podemos estar indefensos sempre en todo o que se fai. ¿Si se nos impide tratar as mocións cal é a posibilidade que nos temos para realizar o traballo de oposición?, ¿Temos que ir ao Xulgado tamén para facer a labor de oposición? E verdade que como nos temos dous concelleiros non podemos pedir informe de nada pero o que poder ser é a vontade por parte do señor Alcalde porque isto é unha falta de democracia total, niso si que lle teño que dar a razón ao PP, uns porque afectan ao



orzamento, outros porque é un sainete declarado polo señor Alcalde e ao final as preguntas porque agora para que o PSOE non pregunte, cortamos o Pleno as doce da noite.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Non teño porque aguantar, Pleno tras Pleno que o Concelleiro de Movemento Salceda, Miguel, se queixe da hora, quere ir tomar o café a Bodeguilla e o resto a rir.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Verónica, terás que aguantar as opinións dos demais.

## 2. REXISTRO DE ENTRADA 2017-E-RC-4751

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Vamos a procurar ser breves como dicía o Alcalde ao principio a ver se acabamos en hora.

Esta moción é referente a modificación do IBI é di o seguinte:

### “MOCIÓN PARA INSTAR Ó GOBERNO LOCAL E Ó ALCALDE Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI)

*Ó abeiro do establecido nos artigos 15,16,17 e 59.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante: TRLRFL), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello regula o imposto sobre bens inmobles, que se rexerá polo disposto no devandito texto legal e pala Ordenanza Fiscal.*

*A xestión tributaria do Imposto regúlase no artigo 77 do TRLRFL, o cal establece, entre outros aspectos que a liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, serán competencia exclusiva dos Concellos.*

*O 22 de Maio de 2014 (registro saída nº 1150) o alcalde solicita á Dirección xeral do catastro que se inclúa a Salceda de Caselas no procedemento de regularización catastral (incorporación ó catastro de novas inmobles). Dita regularización é notificada ós veciños a partir de Xullo de 2015 (curiosamente despois das eleccións municipais) cun resultado de 805 novas altas, sendo a maioría delas de escasa entidade construtiva e calificados pola Dirección Xeral do Catastro como almacén (clave uso: AAL).*

*En tal clave de uso inclúense pequenas construcións como poden ser as denominadas: galiñeiros, cobertizos, almacéns para gardar apeiros de labranza, leña e similares. Construcións necesarias para o almacenaxe en entornos de ámbito rural tales como as parroquias do noso concello.*

*Tendo en conta que o artigo 72.1 do TRLRFL sinala: "El tipo de gravamen mínimo y supletorio será el 0,4 por ciento cuando se trate de bienes inmuebles urbanos(...) y el máximo será el 1,10 por ciento".*

*Este Grupo Municipal considera que non é axeitado a aplicación do 0,50% (tipo xeral) a este tipo de construcións, polo que propón a aplicación do tipo mínimo: 0,40%, a todos os inmobles calificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.*

*Asemade, o artigo 74.4 do TRLRFL contempla a posibilidade de aplicar unha bonificación na ordenanza fiscal do imposto (IBI) de ata un 90% da cota íntegra a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de familia numerosa.*

*Polo tanto, propónse a modificación do artigo 2 e a creación do artigo 3 da Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do imposto sobre bens inmobles, quedando redactado tal como se sinala máis adiante.*

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular, en tempo e forma solicita ó Pleno, se así o considera, a ADOPCIÓN dos seguintes ACORDOS:

1.- Iniciar o procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do imposto sobre bens inmobles tal como se describe a continuación:

A) Modificación/Ampliación do artigo 2. Queda redactado do seguinte xeito:

- 2.1 'Tipo de gravame acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:  
Bens urbanos :0.50%/o.

Bens rústicos: 0.40%/o.

- 2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,40% a todos os inmobles calificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.

B) Creación do artigo 3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estén empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000,00 euros e que ademais o membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles (en calquer municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmovible) non supere os 11.000,00 euros.

A bonificación consistirá nun 40% para as familias numerosas de categoría xeral e do 50% para categoría especial da cota íntegra.

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a solicitude do suxeito pasivo, que deberá acreditar:

- O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade de convivencia (trámite de oficio polo servizo correspondente do Concello).
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do documento oficial acreditativo.

Esta bonificación concederase para cada exercicio debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos.

O interesado manifestará o cumprimento das condicións esixidas ou das variacións das circunstancias, xunto coa copia dos xustificantes necesarios. A falta de dita comunicación/solicitude suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

2.- Solicitar que a intervención municipal informe sobre o procedemento a seguir e da viabilidade de modificar a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre ben inmobles, nos termos expostos anteriormente.

3.- Que unha vez emitido o informe da intervención municipal se convoque a Comisión Especial de Cantas para o estudo de tal informe e a súa incorporación na orde do día no próximo pleno ordinario, (outubro/2017).

4.- Que o procedemento conclúa en prazo para poder ser de aplicación no vindeiro exercicio (2018)."

Aquí o que se pretende é unha redución dun 20% dun porcentaxe alta destas novas incorporacións, que foron en total 805 e que na maioría dos casos son galiñeiros, cortellos.

Dase a casuística que estas novas altas pagan máis de IBI que algunha vivenda residencial. Xa sei que o Alcalde vai invocar o artigo, e estamos na mesma moción que fai dous anos, falamos dun caso similar e viu a este Pleno e se aprobou a trancas e barrancas. A ver agora o que nos invoca.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Con total coherencia, invoco o artigo 168 no que di que el presupuesto de la Entidad Local será formado por su Presidente y a él habrá de unirse la siguiente documentación, tamén invoco o informe de Intervención EMP 99/2016 no que fala tamén da competencia que ten o Alcalde para formar o orzamento municipal e o resto dos informes que se citaron neste Pleno. Naquel momento consideramos que o impacto, que por certo, se cita neses informes, sobre a iniciativa de conformar e traelos a este Pleno, evidentemente o Pleno ten a competencia de aprobalo ou non pero de formalo non, e este intento de modificación impacta no orzamento do ano 2018 porque se hai prórroga se esta desvirtuando o meu papel como formador de ese orzamento e traelo a Pleno e polo tanto, ademais, invoco a advertencia sistemática de Intervención nas modificacións e nos orzamentos de que temos que cumprir con todos os preceptos legais que marca o Ministerio de Facenda e polo tanto non procede. Invoco todo isto que acabo de dicir.

Quixera que constara en acta o que vou leer: hai que prestar atención a todas aquelas iniciativas que comporten gastos, redución de ingresos que teñan tradución económica, que polo tanto poidan precisar de modificación orzamentarias neste caso, e salvo criterio mellor fundado estímase que a reserva que a lexislación reguladora de Facendas Locais fai respecto das iniciativas presentadas en Alcaldía impediría que sen a conformidade desta, da Alcaldía, as iniciativas normativas como as que se propón polo que este importantísimo aspecto se refire tiveran un efecto máis alá dunha mera proposta ou solicitude do goberno municipal e máis propiamente da Alcaldía. Unha interpretación contraria suporía a inversión da devandita reserva artigo 168.1. Xa que por esta vía, calquera Concelleiro podería instar de facto a modificación presupostaria e chegado ao extremo e por sucesión, mesmo cambiar completamente o presuposto da entidade local. Modificando ao fin a iniciativa presupuestaria do Pleno fronte o precepto antes mencionado, é dicir, quen conforma o orzamento é a alcaldía.

Máis claro auga, en todo caso se o Alcalde está de acordo como aconteceu cunha modificación do 95% dos centros residenciais e esa iniciativa coincide e non choca frontalmente con este artigo 168.1 evidentemente se pode aprobar. Digo a modo de aclaración e o único que me ciño é a respectar a lei e as competencias que me da como alcalde e polo tanto no plano executivo o estado español a través da Constitución e a separación de poderes, o Pleno non pode impoñer, e esta é a clave, accións sobre o executivo e por iso invoco o artigo 168 no tocante as modificacións de crédito e cando son emendas, hai tres supostos únicos que se teñen que cumprir algún deles para que sexa posible que o Pleno aprobe esa emenda. Unica e exclusivamente cumpro coas competencias que como poder executivo teño e están enriba da mesa.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** ¿Entón o que leu foi o artigo 168 ou un informe?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** O que lin do artigo 168 foi que o orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente o resto é a motivación que fago a través dos distintos informes de Intervención para xustificar a miña posición. A lexislación non a fixemos os Alcaldes.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Eses informes que vostede invoca ¿non están no expediente?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** É a defensa que fago eu no Pleno que motiva a miña posición, avalada xuridicamente, nada máis.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** ¿Non deberían estar os informes no expediente?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** ¿Pero como van estar os informes se é a miña posición no Pleno? O que lin é a miña posición basándome en varios informes.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Señor Alcalde, ¿vostede lle parece que este tipo de construcións paguen o 0.50% de IBI igual cas vivendas? ¿Vostede pensa que é correcto? ¿Lle parece correcto non aplicar unha bonificación a familias numerosas en determinadas circunstancias? Mire que pena que non haxa unha ordenanza para minorar os gastos en salarios. Que pena que non invoque as competencias para reducir os soldos xa que somos o primeiro concello de Galicia que, tendo en conta o orzamento e tendo en conta a poboación, onde máis se paga en salarios tanto en dedicacións parciais como exclusivas, o primeiro. Compróbeo.

Nós pedimos que o Pleno se manifeste sobre esta moción. E xa lle digo, estas ordenanzas fiscais é unha competencia plenaria a modificación e supresión é competencia plenaria e vostede sabeo perfectamente.

### 3. REXISTRO DE ENTRADA 2017-E-RC-4795 DE 22/08/2017

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿Vai a sometela a votación?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Paréceme razoable.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Gustaríame facerlle unha pregunta a señora Secretaria quería saber se tal e como manifestei eu anteriormente, o ROF nos ampara e o Pleno é o competente para a creación de comisións.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non procede, non estamos nese punto. Estamos noutra moción. ¿Vaste ceñir a moción que acabo de presentar ou decae?

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Pois xa veremos se pedimos un informe a Secretaría. Ben, a moción que presentamos por rexistro o 22 de agosto, tratamos a ausencia de fondos para a contratación de Policía e Seguridade Cidadá:

Salceda de Caselas tan só conta con 5 policía locais activos a día de hoxe posto que un dos membros deste corpo se atopa de baixa dende hai varios meses e o Alcalde non tivo a ben cubrila. Ademais, en anos anteriores nos meses de verán, o Concello contaba con policía auxiliares a través da Xunta para reforzar con motivo das vacacións e a día de hoxe, esta posibilidade non é nin solicitada polo Goberno Municipal.

Son moitos os veciños e as veciñas que veñen trasladando nas últimas semanas a este Grupo a insostibilidade da situación no noso Concello: ruidos a altas horas da madrugada provocados por carreiras de coches e derrapes nas rúas, desfeita do mobiliario urbana en rúas e piscina municipal, e actos de vandalismo varios como os da Senda da Lagoela e Fonte das Carballas ou nos propios vehículos dos salcedenses... A insuficiencia do persoal non permite cubrir as fins de semana nin todas as horas da madrugada, momentos nos que estes actos se intensifican. Así pois, cando os/as veciños/as precisamos deste servizo, ternos que chamar á Garda Civil.

Ante esta situación o Alcalde, en vez de poñer solución, pide axuda ós cidadáns para atopar ós culpables.

Ademais, este Grupo xa realizou varias preguntas en diversos plenos sobre a reposición da

praza do/a policía local de baixa laboral, como por exemplo a pregunta do Pleno do 23 de decembro de 2016 ó que se nos respondeu textualmente "A día de hoxe non temos previsto cubrila. Se se fai, farase para o verán. Habería que iniciar un proceso de selección e iso é un traballo administrativo e temos outras prioridades".

En vista de que as nasas peticións foron ignoradas, tendo en conta o relatado con anterioridade e dando voz ás demandas dos salcedenses, solicitamos ó Pleno, se así o considera, a ADOPCIÓN dos seguintes ACORDOS:

- Convocatoria urxente da Xunta de Seguridade Local.
- Creación dunha subcomisión de Seguridade Local na que os representantes das Asociacións e colectivos salcedenses -que así o desexen a través do rexistro de entrada e estean inscritos no rexistro local de entidades e asociacións-, así como os representantes dos grupos da Corporación -en número igual ás comisións informativas-, para que poidan aportar queixas, ideas e información; para ser trasladadas a Xunta Local de Seguridade.
- Elaboración e execución dun Plan de Prevención de Seguridade.
- Reposición inmediata da vacante deixada polo membro da

Policía Local de baixa laboral.

- Solicitude por parte do Goberno Municipal de reforzo vacacional do servizo.
- Reforzo do servizo en horario nocturno e fins de semana.
- Reforzo da colaboración entre a Policía Local de Salceda e a

Garda Civil.

- Plan Anual de Dotación de Medios ó servizo de seguridade.

Dito isto, vou facer unha proposición a nome deste grupo, se así o considera ou se debatirá por separado, hai unha moción presentada polo grupo socialista onde trata do mesmo asunto e onde pide que o Pleno acorde que se constituía un Consello de Seguridade onde participen a Policía Local e todas as forzas políticas para definir un plan de seguridade eficiente e acorde coa realidade actual de Salceda.

Eu solicito as compañeiras do PSOE se así o ven se sumen a este acordo ou se queren debatelo por separado é o mesmo, porque ao final a subcomisión que nos pedimos podemos cambiarlle o nome ou viceversa, como queirades porque o que se trata é que haxa un grupo de traballo cos membros da corporación, vos engadides a policía local que nos non engadimos que estamos disposto a incluír e onde nos engadimos representantes, que estea regulado porque senón non podería ser aberto a calquera veciño que quixera participar senón as entidades locais existentes que estean rexistradas no concello e que o soliciten formalmente, polo tanto, se o considerades o incluimos ou modificamos algún punto do que aquí propoñemos. Aquí o que se trata é entre todos, por solución a algo que é grave e creo que se hai vontade, propoñer algunha medida ou idea para que isto diminúa o que está sucedendo nas últimas semanas ou meses.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Hai que ter en conta que se votaría a urxencia. Tes a palabra Verónica.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu entendo que é un tema importante e que ademais de moita preocupación dos veciños e que se somos capaces de saír de aquí cunha

posición unánime pois entendo que é mellor para todos. Si é verdade que a nosa moción é nun sentido amplo de que todo debería pasar por ese Consello de Seguridade que nos marcamos. Independentemente do nome que lle poñamos, nós puxemos o nome de Consello para evitar o problema que o señor Alcalde fixo co tema da Comisión de seguimento, nunha comisión non poden participar fora dos Concelleiros, é dicir, non poderían participar na comisión ou subcomisión persoas que non sexan Concelleiros. Non poderían participar neste caso nin os veciños nin a Policía Local esa é a nosa razón.

Pola nosa parte non nos importa fusionalas sempre e cando se nos de a posibilidade de dar a nosa opinión sobre o tema.

**Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Estamos de acordo en que toda a colaboración é pouca, evidentemente de que partimos de bases diferentes, entre outras cousas porque nos temos datos que non se coñecen ou se ignoran ou non están aquí e está ben debatelos no seo dunha comisión agora cun límite que é que, a Policía Local non creo conveniente participe nunha comisión que é basicamente política. En canto as asociacións que así o desexen entendo poden aportar a súa opinión e tamén entendo que hai moitas fórmulas que se están utilizando por parte dos veciños para aportar as súas queixas, preocupacións, as súas sensacións concretas e para iso están as asociacións pero eu entendo que a Policía Local que ademais esta baixo as ordes do executivo, concretamente eu que son o xefe da Policía Local, non procede que estea en debates políticos, por razóns obvias. Non sendo este o caso das asociacións.

En canto ao que é a moción pola nosa parte vai a depender basicamente primeiro das nosas competencias porque moito do que hai aquí non é competencia municipal, hai outras administracións que son competentes na seguridade pública, e segundo, dentro das nosas posibilidades económicas, xurídicas ou administrativas.

Para outras cousas está a Xunta Local de seguridade onde participa a subdelegación do goberno e onde están implicadas forzas que teñen competencias como son a Garda Civil, a Policía Nacional e outros corpos de seguridade do Estado. Nos non temos ningún problema en crear ese Consello ou Comisión pero reitero que por lóxica non debería participar a Policía Local pero no restante que se comentou aquí estamos de acordo.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu por alusións, o PP non propuña a Policía Local para esa subcomisión e acaba de dicir que aceptaría poñer a Policía Local sen problema, eu non entendo resolver un problema de seguridade sen os principais suxeitos desa seguridade en Salceda.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Terían que participar, a Policía Local, a Garda Civil, a Policía Nacional a Policía Autonómica, todos os que teñen competencias sobre a seguridade en Salceda. Non so é a Policía Local e iso xa está lexislado e iso chámase Xunta Local de Seguridade.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Pero eu entendo que a Xunta de Seguridade Local chegan os temas xa traballados do Concello que alí non se vai a falar da organización da Policía Local a nivel local.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Si, si, estás moi equivocada.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Hai unha Xunta de Seguridade Local que este ano aínda non se celebrou, eu creo que non podemos solucionar un problema sen todos os

axentes que interveñen, digo axentes en xeral.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Reitero, ese órgano xa existe é a Xunta Local de Seguridade, onde están todos os organismos presentes. A Policía Local non está para debater cos partidos políticos nin cos veciños, isto é dunha lóxica aplastante, para iso existe a Xunta Local de Seguridade.

Se queremos montar unha comisión de apoio, de valoración, de análise, onde vos fagades aportacións e os veciños tamén, resolver moitas cuestións que hai que resolver e dar datos ata onde se poidan dar evidentemente desa comisión perfecto, pero reitero, non procede que estea a Policía Local, se estivera tiña que estar a Garda Civil, a Policía Nacional, a Autonómica porque teñen competencias sobre a seguridade de Salceda, non so se basea na Policía Local.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Xa sei que non se basea solo na Policía Local, pero a miña pregunta é, ¿púxoselle a Policía Local este problema enriba da mesa e se reuniu para isto en xeral e non para un caso en concreto coa Policía?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Todos os días. Podémosche pasar cando se monte a Comisión todas as ordes que se dan da área, ademais ti estiveche no goberno é o sabes.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Ordenes si pero ao mellor hai que escoitar tamén esa parte, non digo escoitar aos veciños, que por suposto, senón tamén ao resto das partes implicadas nun problema tan grave.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Para iso existe a Xunta Local de Seguridade que se rexe por uns principios. Jose Luís, fala un pouco dos datos concretos

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Ordenes e contacto coa Policía Local pola área miña de seguridade e pola alcaldía se lle dan a diario e máis, incluso se lle dan a través de circulares e notas internas moi amiúdo para actuacións concretas e actuacións xerais, de feito se fixeron campañas de controis nocturnos, se fixeron quendas especiais para controlar, se fixeron actuacións en canto ao problema que mencionabades de rapaces, dos coches etc.

Claro que se fai, o contacto e continuo e directo e as necesidades dos veciños que vos sabedes e nos tamén sabemos de igual maneira que nos temos contacto directo semanalmente coa Garda Civil co cuartel que nos corresponde a nós que é o de Porriño e máis quero dar un dato que me pasaron recentemente. Os delitos en Salceda baixaron con respecto ao último ano anterior entre xaneiro e xullo deste ano houbo un 21% menos de delitos que o ano pasado. Delitos inclúe roubos, a vehículos e vivendas, roubos con intimidación, todo tipo de hurtos, si é certo que incrementaron os fraudes por internet como din os datos facilitados pero os delitos diminuíron un 21%.

Entón na Xunta de Seguridade Local é onde se coordina e están todos os corpos de seguridade e como esixe a lei se coordinan todos os corpos da Garda Civil, da Policía Autonómica, Seprona, Policía Local e é onde se analizan este tipo de datos e se toman medidas ao respecto.

Na subcomisión ou Consello de seguridade que proponedes, eu tamén entendo que debe ser un mecanismo para que dunha maneira máis directa que as asociacións ou colectivos nos trasladen de maneira máis directa os problemas e inquiredanzas. Agora que a Policía Local interveña non procede tal e como dixo o Alcalde, para iso está a Xunta Local de Seguridade.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** A Xunta de Seguridade Local está entre outras cousas para darlle estadísticas que vostede acaba de nomear.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Non, sirve para moitas cousas máis.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Por suposto que si, pero estamos dicindo que se convoca unha vez ao ano e este ano nin sequera está convocada.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Está pedida a convocatoria e non contestou o subdelegado do goberno dende hai un mes.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Con datos, como é que se traballa para facer unha análise do conxunto, hai que facer caso as queixas, as denuncias formais, as denuncias informais, as queixas nas redes sociais, a momentos puntuais, a horas puntuais, a colectivos puntuais, ademais de seguridade hai temas tamén de protección da natureza e que claro, temos tamén que perfilar de que estamos falando, seguridade en xeral abrimos un abano que vai dende temas de tráfico, temas de tráfico de drogas, temas de delitos, faltas, hurtos, temas de violencia de xénero... na Xunta Local de Seguridade fálase de todo isto, con datos e os datos reflicten que houbo unha baixada no primeiro semestre. Isto non implica que esteamos contentos, gustaríanos que foran cero pero tamén sabemos que non é posible.

Despois, hai unha serie de dereitos e obrigas por parte de moitos colectivos que maioritariamente nos levan as queixas, neste caso os locais que están semana tras semana, e hai que dicir que a inmensa maioría cumpren dentro da licenza que teñen por certo. Nos non podemos impedir que se teñen licenza ata as 5.30 horas da mañá, que por certo, tampouco as deu este goberno, pois estean ata as 5.30 horas da mañá porque teñen dereito. Non podemos prohibir e si, están cumprindo e xa se fixeron varias campañas dende o ano 2007. Agora invocar de que isto agora é unha cidade sen lei cousas que se escoitan non é certo. Pero non é que o diga eu, o din os datos. Non estou falando de temas puntuais, estou falando dun problema global non so de Salceda senón de outros concellos e é un tema importante o de pedir a colaboración cidadá e ten dado varios froitos, non se poden dar máis datos porque non imos estar a vociferar as investigacións que están en marcha, están localizadas as persoas pero para acusar hai que ter probas, medios e probas.

Aquí sabemos todos en Salceda quen fai, sabémolo todos, agradécense denuncias porque estamos obrigados a denunciar se vemos un tema porque cando falamos de denuncias entón que denuncie o Alcalde ou a Policía Local ou a Garda Civil, está ben, é a nosa obrigación pero os veciños que son conscientes, e teño que dicir que hai colaboración cidadá, igual que pasou cos incendios. De feito, Tui, Cangas e nos saímos a prensa, por certo en coordinación, falou con Cangas ese mesmo fin de semana, e de feito saíu nos medio públicos, sen ir máis lonxe chamoume a Radio Galega que tiña para chamar a nove concellos da área, producíronse unha serie de feitos, afortunadamente en Salceda de menor cuantía económica e dende que saíu a prensa e se aportaron datos curiosamente non volveu a repetirse un acto de vandalismo, e o mesmo podemos falar dos incendios, ao mellor agora xa podemos falalo, os datos de este ano, porque aquí hai uns protocolos co distrito forestal, disto falarase nesta comisión si se crea.

E esa é a única fórmula xunto coa concienciación de acabar con iso. Como alguén se lle meta na cabeza facer mal, voino facer e en cinco minutos, sexa a unha da tarde, sexan as cinco da mañá, sexa co exército na rúa ou sexa coa Policía Nacional na rúa e o sabemos todos. Seamos serios e sensatos.

Se esa comisión vai servir para facer aportacións e facer aclaracións como estou facendo agora algunhas, para afondar, pero partindo de datos reais non de percepcións.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Non se pode non admitir que a realidade é a que é. A realidade é que hai veces que so hai tres policía locais, a solución é que se hai presenza



policial na rúa algo fará. A realidade é que se temos a Policía Local patrullando a altas horas da madrugada algo fará, digo eu. Agora, se esa non é a solución eliminamos a Policía Local e xa está.

Os datos obxectivos son os que son e temos sen cubrir a baixa dun policía local, sempre se pedía policía auxiliar para as vacacións dos demais e non se está a facer nos últimos anos. Esa é a realidade, entón, ¿é mellorable a situación de seguridade en Salceda? Claro que si, é innegable. Agora que non digo que haxa mala intención por parte de nadie. O que vostedes fan e deixar de lado as competencias o relativo a Policía Local.

É importante crear isto, chamemos como lle chamemos e este quen este, polo tanto, eu creo que debería estar a Policía Local, creo que é importante escoitar a opinión dos mesmos. O importante e que saíamos de aquí co acordo de crear un grupo de traballo que poida aportar ideas queixas e propostas, cantos máis sexamos a opinar e a propor mellor para todos e por eso pomos que os acordos que se tomen se trasladen a Xunta de Seguridade Local, se hai que convocala dous ou tres veces ao ano, pois se convoca.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**En iso estou de acordo Santiago, o que non estou de acordo é que estea a Policía Local.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Nós non imos deixar de participar nunha comisión, subcomisión como sexa porque estea unha persoa ou outra. Eu entendo que quen entende máis de seguridade é a Policía Local que os políticos pero iso non é motivo para deixar de apoiar a moción. Eu sigo pensando que deberían estar para poder consultalos e deberíannos trasladar a súa opinión. Non entendo a razón de que non estean, porque repito, eles saberán máis de seguridade ca nos pero dende logo non imos deixar de aprobala por iso.

Outra opción é que segundo vaia andando esta comisión vaiamos vendo quen debe estar ou non nesta comisión, pero dende logo pecharlle a porta a un dos principais actores, non deberíamos facelo porque todas as opinións son boas e as dos expertos neste supoño que máis.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Creo que a posición de consenso está clara.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** De incluír a Policía Local deberíamos incluír a todos os corpos de seguridade.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Eu quero trasladar no acordo dous condicións, que será dentro das nosas competencias e dentro das posibilidades humanas, económicas e administrativas.

**CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS):** Eu non vou discutir nada so vou facer un matiz e un apuntamento de algo que pon a moción, vou leer o seguinte: ante esta situación o Alcalde, en vez de poñer solución, pide axuda ós cidadáns para atopar ós culpables. Para ello reclama que los vecinos que sean testigos de estos hechos llamen al Concello de Ourense o a la Policía Local ayudando a identificar a sus autores. (Enrique Novoa, Concelleiro de medioambiente do PP)

Ha llamado a la colaboración de la ciudadanía para combatir estos hechos que avisen a la Policía Local o a cualquier organismo del ayuntamiento para que intervengamos inmediatamente, ha pedido a los ciudadanos Juan Ignacio Zoido, alcalde de Sevilla del PP.

Ante os danos ocasionados no Castro de Troña, o concelleiro de cultura do Concello de Pontearreas, Andrés Saampedro Fernández fixo un chamamento a cidadanía para loitar contra o vandalismo pondo en coñecemento da Policía Local este tipo de actuacións, (Andrés Saampedro Fernández, Concelleiro do PP.)

O que pretendo dicir lendo estes titulares é que é o normal, vostede puxo o nunca visto sobre as declaracións do Alcalde pedindo axuda a cidadanía. Hai que ser máis coherente como di vostede.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**O nunca visto é non saber onde están os cartos das entradas do Auditorio. Mire por suposto que se pode chamar a colaboración da poboación pero tamén o que nos referimos con esta moción e ¿que solución propuxo o goberno? ¿Repuxeron a praza de Policía que leva de baixa máis de 8 meses? ¿Reforzaron no verán a situación da Policía que está de vacacións sumada a baixa laboral? ¿Fixeron algo ao respecto? ¿Fixeron un plan de seguridade anual consensuado e proposto, dotando a Policía Local de máis medios nos últimos tempos?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Si.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Falso, salvo o que lle viu dado doutra administración. Vostedes non fixeron nada ao respecto por iso nos pedimos esta comisión de traballo e polo tanto o que non podemos permitir é que o goberno pretenda saír entre rositas desta situación de seguridade no Concello de Salceda e como nós nin pretendemos que saia entre rositas nin pretendemos botarlle o 90% de toda a culpabilidade porque por suposto que vostedes non cometen os delitos e os actos, iso non significa que vostedes teñan responsabilidades para poder tomar medidas. Nin todo é negro nin todo é branco e me parece moi ben que vostede se molestara a buscar estes casos pero que pena que non se moleste en buscar mellores medidas de xestión, vostede se dedica a iso. Paréceme moi ben, iso é a labor que xustifican o que vostede se lle paga mensualmente.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Santiago, se isto o vas utilizar como azote político diante de terceiros xa che digo que esa comisión vai a fracasar.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Eu pido que se inclúa inicialmente a Policía Local e que logo en función de como vaia a cousa decidiremos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Eu dígoche que a Policía Local, da cal eu son xefe, non vai participar nunha comisión política.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**O xefe da Policía Local manifesta o que manifesta e queda nunha acta do Pleno, sabemos que se logo pasa algo é o xefe da Policía Local o que impide que participe a Policía Local.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Se a intencionalidade Santiago e esa, dáme que a Comisión non vai funcionar, acaba de quedarme claro. Se a intención desa xuntanzas vai ser única e exclusivamente botar pestes, para iso xa está este Pleno e está a prensa e outros organismos e non quero facer bo ese dito de se queres que un problema non se solucione monta unha comisión, sabes que é un dito moi coñecido e eu non propoño non facela, agora sempre é cando que as cousas sexan espírito construtivo, delimitando as competencias de cada quen. Pero vamos, se iso pretende ser un pim pam pum político xa che digo que non vai funcionar. E acaba de quedar en evidencia e espero non equivocarme e imos a votar a favor pero xa digo que a Policía Local non vai a participar.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu quero que queda claro en acta cal é o motivo do señor Alcalde para que a Policía Local non participe. Quero que quede claro para que non haxa confusións.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Queda claro, eu son o xefe da Policía Local e considero que non ten que participar, xa o expliquei antes.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Perfecto, o xefe da Policía Local considera que non debe participar a Policía Local nun consello de seguridade de Salceda. Perfecto, responsabilidades despois xa sabemos a quen.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Xa están as directrices da Comisión, acaba de describilas Verónica e o uso que se vai facer desa comisión xa o acaba de describir.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu non describín nada, eu so dixen que o Señor Alcalde, que é o xefe da Policía Local e que el decide que como xefe, non vai permitir que participe. Esa é a lóxica do razoamento do Alcalde.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Non, esa é a lóxica xurídica que me avala, aparte da miña opinión.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Está claro que agora os Concelleiros temos máis sabiduría e estamos mellor preparados en materia de seguridade que a Policía Local.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Imos a votar a favor da Comisión pero tamén está claro para que vai servir.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Se vostede comeza con esa vontade ao mellor claro que non serve, se vostede comeza con esa vontade de deus todo poderoso.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Non estou falando de vontades, a Policía Local está presente noutra comisión xunto cos outros corpos de seguridade do Estado.

Por aclaración dos puntos, entendo que o PSOE suscribe a moción presentada polo PP e suscribe que non é impedimento para votar a favor que non estea a Policía Local, e que as nosas condicións son primeiro, versar sobre as nosas competencias municipais e segundo, dentro das nosas posibilidades económicas, xurídicas ou administrativas.

Pero dicir que o problema de seguridade suposto de Salceda está ceñido a que saian unha ou dúas prazas de policía local...

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿Pero como podes negar a evidencia? ¿Pero como podes dicir que non ter as 24 horas cubertas non inflúe?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Estou dicindo que ó problema non é so de Salceda que é global ,que haxa un policía máis ou un policía menos é evidente que non soluciona. Se partimos dende isto aquí no Pleno ou na Comisión estamos equivocados.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Non é o mesmo ter catro ou cinco que seis ou sete.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Falarémolo na Comisión e na Xunta Local de Seguridade que xa está pedida a súa convocatoria. ¿Queda claro o que se vota entón non?

Creación dunha Comisión de Seguridade Local na que os representantes das Asociacións e colectivos salcedenses -que así o desexen a través do rexistro de entrada e estean inscritos no rexistro local de entidades e asociacións-, así como os representantes dos grupos da Corporación -en número igual ás comisións informativas-, para que poidan aportar queixas, ideas e información; para ser trasladadas a Xunta Local de Seguridade. Engadindo ademais que versará sobre as nosas competencias municipais, dentro das nosas posibilidades económicas, xurídicas ou administrativas e que non formará parte da mesma a Policía Local.

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aproba por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adoptando o seguinte acordo:**

Primeiro: Creación dunha Comisión de Seguridade Local na que os representantes das Asociacións e colectivos salcedenses -que así o desexen a través do rexistro de entrada e estean inscritos no rexistro local de entidades e asociacións-, así como os representantes dos grupos da Corporación -en número igual ás comisións informativas-, para que poidan aportar queixas, ideas e información; para ser trasladadas a Xunta Local de Seguridade.

Segundo: A Comisión de Seguridade Local versará sobre as nosas competencias municipais, dentro das nosas posibilidades económicas, xurídicas ou administrativas e que non formará parte da mesma a Policía Local.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ben, creo que por parte do PP esta era a última moción e agora tiña unha moción o PSOE sobre a modificación do mapa de emerxencias, Verónica.

#### **4º MOCIÓN: SOBRE A URGENTE MODIFICACIÓN DO MAPA DE EMERXENCIAS, PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSDEG-PSOE:**

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Vamos a pasar a expoñer os motivos da moción, tentarei facelo rápido xa que son case as doce da noite, é sobre a modificación do mapa de emerxencias da provincia e a exposición de motivos é a seguinte:

“A xestión das grandes emerxencias na provincia de Pontevedra tense convertido nunha auténtica crebadura de cabeza para as distintas Administracións públicas, pois aos danos provocados palas catástrofes súmanse despois as críticas sociais xeneralizadas pola mala xestión dende o servizo do 112 e a nula coordinación entre todos os medios dispoñibles.

Os incendios na nave de Fandicosta (Moaña), en maio de 2016, e da carpintería de Calvelo-Tenorio (Cerdedo-Cotobade), o pasado mes de xullo, son dous exemplos que desataron a indignación social tanto pala tardanza na atención por parte dos bombeiros, como pala escaseza de medios humanos e materiais cos que actuaron.

Diversos concellos da provincia de Pontevedra teñen xa expresado as súas queixas polos tempos de reposta con que se atenden as emerxencias dende os parques xestionados polo Consorcio Provincial do Servizo contra Incendios e Salvamento, creado no ano 2011 pola Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, que o participan ao 50%.

Non deixa de ser significativo que as dúas grandes emerxencias industriais producidas nestes dous últimos anos se teñan producido a escasos minutos do radio de acción dos dous principais parques de Bombeiros da provincia, situados en Vigo e Pontevedra, respectivamente, e con competencias e ámbito de actuación estritamente municipal. Parques aos que o 112 non pediu axuda ata que xa era tarde, perdendo así un tempo moi valioso.

Un recente estudo técnico da Deputación Provincial amasa a existencia de zonas de sombra (é dicir, áreas nas que a cobertura dos bombeiros non se produce antes de 20 minutos). A peor delas está no interior da provincia e abrangue os concellos de Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade, A Lama e Campo Lameiro, cun tempo de resposta estimado de 50 minutos, aínda que en moitas ocasións chega ata as dúas horas. Sen embargo, acredita tamén unha cobertura insuficiente en Valga, A Estrada, Cuntis, Forcarei, Vila de Cruces, Agolada, Rodeiro, Dozón, Barro, Moraña, Fornelos de Montes, Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza, Salvaterra de Miño, As Neves, Crecente, Arbo, Tomiño, O Rosal, A Guarda, Oia, Baiona, Nigrán, Gondomar, Poio, Vilaboa, Soutomaior e Pazos de Borbén.

No caso de Salceda de Caselas, que si se atopa no radio de actuación de 20 minutos, pode igualmente verse afectada no caso de incendios simultáneos nas zonas de sombra, que

provocaría ter un tempo de resposta superior (por exemplo un incendio en A Guarda ou A Cañiza)

A Xunta de Galicia, a través do conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, limitouse a convocar unha xuntanza cos presidentes das Deputacións, esquivando aos concellos afectados, que son 'os que teñen que dar a cara diante dos cidadáns. O titular da Consellería abriu a porta á modificación do mapa de emerxencias, pero anticipou que a Xunta non está disposta a asumir ningún gasto.

Diante desta situación, a actual Deputación vén insistindo dende 2016 na necesidade de modificar o mapa de emerxencias e de repensalo cubrindo mellor o territorio da provincia. Mesmo nomeou o seu representante na comisión técnica encargada deste labor, sen que a Xunta de Galicia teña feito o propio. Se ben é certo, e así cómpre tamén destacalo, que non foi ata o recente estudo técnico cando a Deputación formulou un diagnóstico certo, e coincidente coas denuncias públicas dos concellos sobre a existencia destas zonas de sombra

A Lei de Emerxencias de Galicia deixa claro, no seu artigo 11, que a Xunta de Galicia, a través do Consello da Xunta, ten as competencias para modificar o mapa de emerxencias no territorio galego. Ao mesmo tempo, a propia participación da Xunta nos consorcios provinciais deixa claro que estamos diante de competencias compartidas entre a Administración autonómica e as Deputacións Provinciais. Cómpre lembrar aquí que os concellos de menos de 20.000 habitantes, conforme ao disposto na Lei de Bases de Réxime Local, non teñen competencias en materia de bombeiros.

A cidadanía de Salceda pode chegar a estar indefensa ante un servizo de tan escasa calidade en situacións nas que a diferenza entre a vida e a morte radica, en gran medida, no tempo de resposta.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas presenta esta MOCIÓN, para a súa aprobación polo Pleno da Corporación solicitando a adopción do seguintes acordos:

- 1.- Esixir da Consellería de Presidencia e da Presidencia da Xunta de Galicia, en atención ás competencias derivadas da Lei de Emerxencias de Galicia, a modificación inmediata do mapa de emerxencias, cando menos na provincia de Pontevedra, para acabar coas zonas de sombra e poñer en marcha un sistema de atención baseado en isócronas de 20 minutos.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a iniciar conversas inmediatas que solucionen as carencias do modelo actual, decidido en 2011 polo ex-presidente da Deputación, Rafael Louzán, e polo actual conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, que deixa a numerosos concellos sen unha atención mínima nun servizo que resulta vital para a cidadanía.
- 3.- Instar á Xunta e á Deputación a iniciar conversas inmediatas cos concellos de Vigo e Pontevedra, especialmente con este último, diante da preocupante cobertura aos municipios da bisbarra do Verdugo- Oitavén, para a comarcalización dos dous parques municipais da provincia.
- 4.- Instar á Xunta e á Deputación a incluír nas conversas aos concellos da provincia, a través dalgún representante ou a través da Fegamp, para que a Administración máis próxima aos cidadáns teña voz e voto durante todo o proceso.
- 5.- Comunicar este acordo aos concellos de Vigo e de Pontevedra, ao tempo que se lles

agradece a colaboración solidaria que prestan fóra dos seus termos municipais”

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** O que di a moción basicamente é que o mapa de emerxencias da provincia é insuficiente existindo zonas de sombra. É certo que Salceda non está dentro dunha zoa de sombra estando a menos de vinte minutos que se supoñen ideais para que unha catástrofe non se converta nunha catástrofe maior pero si que ao existir unhas zonas de sombra tan extensas, o parque de bombeiros de O Porriño pode ir a zonas do Baixo Miño, ata A Guarda ou ir a A Cañiza pois si se dan incendios simultáneos quedaríamos tamén o concello de Salceda desprotexido. Se ven a moción é máis ampla que o concello de Salceda en si, pero hai cousas que hai que ir máis ala e teñen que funcionar ben en toda a provincia e por iso traemos aquí esta moción. Espero que todos os grupos políticos cheguemos a un acordo como fixemos coa anterior para arranxar un tema como temos visto nas últimas semanas e primordial para salvar vidas en moitos casos.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Dende Movemento Salceda imos dar apoio a esta moción, aínda que si é certo que Salceda está cuberto, non entra nesas zonas de sombra pois por solidariedade co resto dos concellos da provincia e non so por iso, senón porque tamén cremos que é necesario que estes medios de emerxencia son fundamentais para estar ben atendidos e non se lle apliquen recortes como se lle está facendo en moitos outros servizos.

Estes tamén os consideramos esenciais, e para elo a dotación de medios debe atinxir ao 112 e non so na dotación de medios e non so de incendios, senón de emerxencias sanitarias, etc. O voto vai ser a favor.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** ¿Escoitalo señor Concelleiro? recortes en servizo de emerxencias e seguridade, cando vostede é responsable de área no noso concello, non cubre a baixa de Policía Local nin solicita servizos auxiliares para cubrir as vacacións dos policía locais.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Perdoe, pero eu non recortei a partida de seguridade en ningún dos orzamentos que plantexei. Mire os orzamentos porque incrementouse a partida destinada a Policía Local respecto do ano 2015 co 2016, fíxese.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Que se aumentara a partida non quere dicir que se gastase.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Vamos a ver son as doce da noite, se seguimos así cortamos, ciñase ao tema, defenda a posición do PP.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Vostede está aforrando o soldo da persoa que está de baixa laboral. A partida non significa que se gaste. Polo tanto, non gasta o mesmo este ano que o ano pasado.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ciñete ao tema Santi.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Mire señoras Concelleiras do PSOE, agradezo que recoñeza que ao noso Concello non lle afecta, claro que se se dan catástrofes simultáneas non habería medios que chegasen. Pero mire aquí, nin en ningún lado. Iso é como cando convocan unha reunión a mesma hora pero en sitios diferentes entón non chegas, iso son suposicións que poden pasar por suposto, pero iso non significa que atendendo a un ratio, a uns medios, a unha poboación non se cubran.

Nós como mantemos que o Pleno municipal debe atinxirse a maioría das decisións que temos que tomar a competencia é o termo municipal de Salceda, como esta é unha moción xenérica,

que a vostedes, en fin, coma a nós, nos pasan moitas do partido e que nós non traemos porque non son competencia deste Pleno, porque son xenéricas para iso están os Plenos Provincias da Deputación e o Parlamento de Galicia. Nos imos apoiala, pero non quita que lle diga o que estou dicindo, na exposición de motivos que aquí se di Salceda non está en zona problemática, polo tanto non nos afecta. Claro que todo é mellorable. Non vaia ser que por nós non dar o apoio non vaia mellorar a seguridade, polo tanto, nos non temos reparos a votar a favor despois de falar sobre o problema de seguridade que temos no noso concello. Iso non significa que todo sexa un desastre, nin que non sexa mellorable. O noso grupo non ten problema en aprobar todo o que sexa mellorar o plan de emerxencias.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Se me permitides hai que diferenciar dúas cousas.

No tocante ao 112 dende que eu son Alcalde, recibo a chamada de inmediato porque teñen o meu teléfono e senón pasa a Tenente Alcalde como sabedes que pasaba antes con Marina. É certo que as veces te chaman porque hai un can na carretera, certo.

No tema de incendios, a maiores recibo unha mensaxe dende o ano 2007 dende o bipartito, avisando a tempo real de cando teñen a primeira chamada. Teño que dicir que nalguna ocasión fun eu o primeiro en chamar ao 112 que o desvían a Medio Rural e mo desvían a min e poño en coñecemento.

Hai que aclarar que a dirección, iso foi un cambio fundamental, dos incendios e emerxencias o 112. Nos prestamos colaboración, se nos pide apoio, se está o Policía de turno, se está Protección Civil, pero quen dirixe o proceso é, e non me caen prendas por dicilo que dende que son Alcalde, que houbo dous gobernos da Xunta nese apartado concreto a resposta foi rápida. A resposta foi rápida porque a resposta está dentro dos vinte minutos, a sorte de ter a sede dos bombeiros en Porriño, iso non é o que pasa na Guarda e na Cañiza.

O que si hai que recoñecer que é un desastre é o tema das emerxencias como concepto de protección civil, o PP suprimiu os GRUMIR, doce persoas e teño que denunciar aquí que o grupo SOG, non existe, existe na Guarda, eu dende que son Alcalde e se montaron os SOG en substitución dos GRUMIR non os coñezo, pregunteille en varias ocasións, ata lle preguntei ao alcalde de A Guarda. A escusa foi que se montaba na Guarda, en compensación teórica pero abarcaba todo o terriño. Os SOG que supostamente é o grupo de emerxencia que substituíu aos GRUMIR. Nos aquí tiñamos a doce persoas que traballaban durante un ano, e Joaquín sabe perfectamente o que supuña para Salceda o traballo de doce persoas e foron substituídos para aforrar sexamos sinceros. Nese apartado de Protección Civil teño que dicir que é un desastre ese cambio que houbo co goberno do PP e pola outra parte hai que recoñecer que non teño ningunha queixa, entre outras razóns pola cercanía. A resposta anti incendios e case inmediata, somos afortunados. Hai que recoñecer tanto o 112 como o servizo de Medio Rural posto no bipartito e continuado polo goberno da Xunta funciona razoablemente nesa parte e non pasa co de Protección Civil polo menos no tocante a Salceda, nesa parte hai que recoñecer que hai un problema, nós por suposto recoñecer os méritos no que toca e por en coñecemento no que a Protección Civil se refire.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu creo que como representantes de Salceda temos que traela, e todo o que sexa mellorar xa non so como concelleiros senón coma cidadáns debemos traelo e vamos a seguir facendo, igual que temos un mapa sanitario que funciona relativamente ben, se entende que nun mapa de emerxencias debe funcionar igual e con isto estou decindoche Santiago que hai cousas do PP que funcionan ben. Eu aquí estou traendo unha moción que non se lle pide so a Xunta, senón que se lle pide tamén a

Deputación, que eu cando traio iniciativas non as traio por facerlle fronte a outro partido, todo o que se mellore é un ben para todos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Tendo en conta que cando houbo incendios aquí, personouse dende Protección Civil de Soutomaior a Covelo, as cuadrillas de extinción de incendio se distribúen a través da Xunta e veñen aquí as cuadrillas de lonxe. A Policía Local de Salceda vai a Porriño, Tui ou Salvaterra cando se nos pide, e no antepenúltimo incendio que estiven aí estivo a Policía Local de Porriño e a cuadrilla de incendio de Mos. Estamos preto, temos esa sorte. Pero si hai que botarlle a man aos da Cañiza os da Guarda ou os de Soutomaior e Covelo tamén veñen aquí. De ahí que a moción sexa un modelo tipo de partido, indirectamente nos afecta no caso de que teñan que acudir alí, quedamos nos en sombra como se nos botan unha man solidariamente cando se necesita. É unha moción tipo pero nos vai a todos isto porque nos afecta.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Si decirlle ao Alcalde que toda a labor que facía o GRUMIR, non se utilizaba para o fin da súa constitución, senón que se utilizaba para desbrozar tamén e non emerxencias. Recoñecer que se dedicaban ao que dedicaban e utilizábanse para desbrozar camiños e se gastaban miles de euros destinados a emerxencias, se lle daba unha formación a persoas a outras non e como non se lle renovaba o contrato, entraban outras persoas e voltabamos ao mesmo. O que era un grupo de emerxencias propiamente, nunca ou case nunca estivo constituído para cubrir emerxencias porque non tiñan a formación nin as cualidades. Iso é así.

**Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aproba por UNANIMIDADE dos trece membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:**

- 1.- Esixir da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, en atención ás competencias derivadas da Lei de Emerxencias de Galicia, a modificación inmediata do mapa de emerxencias, cando menos na provincia de Pontevedra, para acabar coas zonas de sombra e poñer en marcha un sistema de atención baseado en isócronas de 20 minutos.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a iniciar conversas inmediatas que solucionen as carencias do modelo actual, decidido en 2011 polo ex-presidente da Deputación, Rafael Louzán, e polo actual conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, que deixa a numerosos concellos sen unha atención mínima nun servizo que resulta vital para a cidadanía.
- 3.- Instar á Xunta e á Deputación a iniciar conversas inmediatas cos concellos de Vigo e Pontevedra, especialmente con este último, diante da preocupante cobertura aos municipios da bisbarra do Verdugo- Oitavén, para a comarcalización dos dous parques municipais da provincia.
- 4.- Instar á Xunta e á Deputación a incluír nas conversas aos concellos da provincia, a través dalgún representante ou a través da Fegamp, para que a Administración máis próxima aos cidadáns teña voz e voto durante todo o proceso.
- 5.- Comunicar este acordo aos concellos de Vigo e de Pontevedra, ao tempo que se lles agradece a colaboración solidaria que prestan fóra dos seus termos municipais.



### C)ROGOS E PREGUNTAS

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Fago todos seguidos os nosos:

**1. Rogo de 02/08/2017 nº 2017 -E-RC-4487 :**

**“MELLORA DA LIMPEZA E BEIRARRÚAS NA RÚA LUGO:**

**EXPÓN:**

*Ante a necesidade de seguir mellorando o noso pobo, facemos a través deste rogo, un chamamento o goberno local para que se executen melloras na rúa Lugo, concretamente o tocante a limpeza e reposición de losetas e arquetas, xa que como se pode ver nas imaxes, poden causar unha vez que son varios os burato nas mesmas.*

*Que dicir do contedores de basura, losetas e bancos que na mesma se atopan.*

*Por todo o exposto anteriormente ROGO:*

**MELLORA DA LIMPEZA E BEIRARRÚAS NA RÚA LUGO.”**

Fala da Mellora da limpeza e beirarrúas da rúa Lugo. No momento que a presentamos non estaba amañado, agora vemos que si,¿a arqueta esta posta? A baldosa sí se repuxo pero a arqueta a semana pasada non.

**2. Rogo de 02/08/2017 nº 2017-E-RC-4488:**

**“SINALIZACIÓN DO CADRO DE SUMINISTRO DE GAS OU DESPRAZAMENTO DO MESMO A MAIS DE DOUS METROS DE ALTURA:**

**EXPÓN:**

Dando voz unha vez máis ás demandas dos veciños e veciñas, trasladamos a necesidade de sinalizar o cadro de suministro de gas do edificio que se amosa na imaxe-Rúa Arxentina- ou ben desplazalo a máis de dous metros de altitude por motivos de seguridade, xa que foron vaias as persoas que sufriron algún que outro “percance”, incluso con cortes na fronte, ó chocar contra o mesmo.

Por todo o exposto anteriormente ROGO:

**SINALIZACIÓN DO CADRO DE SUMINISTRO DE GAS OU DESPRAZAMENTO DO MESMO A DOUS METROS DE ALTURA.”**

Sinalización na rúa Arxentina dun cadro de gas ou que se substitúa e se poña a 2m de altura porque os veciños se queixan de golpes, cortes, incluso de brechas considerables, igual a unha que presente dunhas sinais que elevastedes a do Quad pero non o resto. Pedimos que se tramite a través da comunidade de propiétaires.

**3. Rogo de 17/08/2017 nº 2017-E-RC-4730:**

**“INSTALAR PUNTOS DE AUGA POTABLE (FONTES) NAS ZONAS DEPORTIVAS DA DEVESA E ALTAMIRA (DETRÁS DO PAVILLÓN)**

**EXPÓN:**

*Por segunda vez, recordamos ó Grupo de Goberno as necesidades que nos veñen trasladando os/as veciños/as: actualmente as Pistas Deportivas da Devesa e Altamira*

non contan cun punto de auga potable (fonte). Isto ocasiona que os/as usuarios/as (na súa maior parte nenos/as) leven auga da casa ou teñan que mercala.

Recentemente, o Goberno Municipal ven de instalar na intersección da Rúa Joaquín Fernández Sestelo e Rúa Vigo (composteiro) unha billa para regar o "compost".

Así pois, entendendo que as fontes de auga potable son máis necesarias, incidindo na simpleza da execución e no baixo custe do acometido en relación cos beneficios para os/as usuarios/as, agardamos que este **ROGO** sexa valorado positivamente.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

INSTALAR PUNTOS DE AUGA POTABLE (FONTES) NAS ZONAS DEPORTIVAS DA DEVESA E ALTAMIRA (DETRÁS DO PAVILLÓN)"

**PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS):** Como xa fixerades o rogo, están as fontes mercadas, xa se sabe máis ou menos por onde pasa a auga potable e estase a espera de por a base para despois por as fontes.

#### 4. Rogo de 17/08/2017 nº 2017-E-RC-4731:

"ARRANXO DOS DESPERFECTOS NA ESTRADA BARRAL-IGREXA-PENEDO REDONDO E REALIZACION DUN APARCADOIRO NA MARXE DO TORREIRO DA FESTA

**EXPÓN:**

Dando voz unha vez máis ás demandas dos veciños e veciñas, trasladamos a necesidade de arranxar os desperfectos que presenta a Estrada Barral-Igrexa Penedo Redondo -tal e como se amosa nas imaxes-. Asimesmo, eremos oportuno plantexar a realización dun aparcadoiro na marxe do Torreiro da Festa, para que os vehículos poidan aproveitar o espazo e non se entorpeza o paso.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

ARRANXO DOS DESPERFECTOS NA ESTRADA BARRAL-IGREXA-PENEDO REDONDO E REALIZACION DUN APARCADOIRO NA MARXE DO TORREIRO DA FESTA

#### 5.- Rogo de 18/08/2017 nº 2017-E-RC-4752:

"ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONCESION DE AXUDAS OS CLUBES, COLECTIVOS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO

**EXPÓN:**

Este Grupo ven a incidir unha vez máis a través deste Rogo na necesidade de que se convoque a Comisión Informativa Permanente de Servizos Sociais, Sanidade, Cultura, Deporte, Mocidade, Ensino, Comercio, Formación e emprego, para a elaboración dunha Ordenanza Municipal Reguladora da concesión de axudas tanto a clubs, coma colectivos deportivos e deportistas individuais, xa que moitos destes non contan na actualidade con ningún tipo de subvención que lles axude a sufragar as dificultades económicas de participar en diferentes competicións.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONCESION DE AXUDAS OS CLUBES, COLECTIVOS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO. "

#### 6.- Rogo de 18/08/2017 nº 2017-E-RC-4753:

**“CREACIÓN DUN REXISTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS/EMPRESARIOS DE SALCEDA DE CASELAS QUE DESEXEN PRESTAR SERVICIOS PARA O CONCELLO.**

*Analizados os libros maiores de gastos dos últimos anos pódese constatar claramente que todos aqueles traballos de obras, prestación de servicios e/ou suministros son realizados palas mesmas empresas.*

*Tal feito, pódese verificar coas manifestacións dos veciños do naso concello, así como polo malestar da maioría dos empresarios/empresas que realizan este tipo de actividades e os cales o alcalde non tivo a ben convidalos a presentar ofertas/orzamentos para a realización das mesmas.*

Por todo o exposto anteriormente **ROGO:**

A CREACIÓN DUN REXISTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS/EMPRESARIOS DE SALCEDA DE CASELAS QUE DESEXEN PRESTAR SERVICIOS PARA O CONCELLO.”

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Sobre o rexistro de empresas e empresarios, hai moita lexislación sobre iso, hai protección de datos e outro tipo de cuestións que é complicado. Calquera empresa dentro da Lei de Contratos pode presentar a súa proposta, nos contratos menores entran criterios como a calidade, confianza, é evidente que todas as empresas traballaron dende que son eu Alcalde, todas ao 100% non, pero moitas si traballaron. Nós temos un convenio coa asociación de autónomos e accedemos a base de datos das empresas, si é posible a través da Lei de Protección de Datos, non teremos ningún tipo de problema.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Non é verdade que opten todas as empresas porque non teñen o proxecto da obra, entón claro, so teñen acceso as empresas que vostedes convidan.

Nas últimas que temos visto aumentáronse de tres a máis participantes, incluso cerca de dez creo, alegrámonos e eso é o que me refiro, e nas obras menores reparta ou polo menos pida orzamentos a empresarios que ao mellor nalgún momento manifestaron unha opinión.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Aquí non se teñen en conta as afiliacións políticas. Aquí se leva contratado con empresas afíns ao PP.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Déalle unha oportunidade as empresas que en dez anos non levan traballado para o Concello.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**Máis rogos.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):**Outro rogo que presentamos hoxe a maña:

**7.- Rogo de 25/08/2017 nº 2017-E-RC-4901:**

**“INCREMENTO DA FRECUENCIA DE RECOLLIDA DO LIXO NO BARRAL (BUDIÑO)**

**EXPÓN:**

Foron varios/as veciños/as do zona do Barra! os/as que se dirixiron a este Grupo para trasladarnos a necesidade de incrementar os días de recollida de lixo, unha necesidade que ven sendo trasladada ó Alcalde dende hai anos e que non foi atendida ata día de hoxe.

A recollida do lixo na zona realizase tan só unha vez á semana, os martes. Segundo nos comentan os/as veciños/as, o servizo é insuficiente xa que habitualmente os contedores comezan a rebosar antes da fin de semana e se o fedor nos meses de frío xa é moi forte, cando chega o verán é insoportable, especialmente os cercanos ás casas e á Igrexa (despois dos

enterros, as flores botan días e días antes de que pasen a recollelas).

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

INCREMENTO DA FRECUENCIA DE RECOLLIDA DO LIXO NO BARRAL (BUDINO)”

Na foto que adxuntamos mírase como están cheos e coa tapa levantada.

**8.- Rogo de 25/08/2017 nº 2017-E-RC-4902:**

**ARRANXO DO DESPERFECTO (BURATO) NA AVENIDA DE GALICIA**

**EXPÓN:**

Damos traslado ó Goberno Municipal da necesidade de arranxar o desperfecto (burato) que presenta a Avenida de Galicia, ó lado dos contedores situados o carón do Parque da Gándara -tal e como se amasa nas imaxes-.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

ARRANXO DO DESPERFECTO”

**9.- Rogo de 18/08/2017 nº 2017-E-RC-4754:**

**CANALIZACIÓN DAS AUGAS PLUVIAIS NA ESTRADA OUTEIRIÑO AGROS (SOUTELO).**

*Este grupo faise eco das queixas formuladas polos usuarios/veciños da estrada Outeiriño-Agros pola falta de canalización das augas pluviais. Dita estrada recolle em parte, as augas pluviais da estrada Torreiro-Borralliño o que, en momentos de abundantes precipitacións, perxudica/xera molestias ós veciños. Adxúntase plano de situación.*

Por todo o exposto anteriormente **ROGO:**

A CANALIZACIÓN DAS AUGAS PLUVIAIS NA ESTRADA OUTEIRIÑO AGROS (SOUTELO).”

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):**¿Algún rogo máis?

**10.- Rogo de 24/08/2017 nº 2017-E-RC-4864:**

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Mostrar ó público os proxectos de obras que se vaian a realizar polo concello porque eles son os que coñecen máis dos sitios.

**“EN RELACIÓN CON MOSTRAR Ó PÚBLICO OS PROXECTOS DE OBRAS QUE SE VAIAN A REALIZAR POLO CONCELLO** con base na seguinte,

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En moitas ocasións ós veciños e veciñas de Salceda atópanse ca comezo de obras realizadas polo concello que afectan ó seu entorno e das cales descoñecen tanto o planeamento como ás actuacións que se van a realizar. Este descoñecemento crea moitas veces incomodidades, ademais de non facilitar ós usuarios a aportación de mellaras.

O noso grupo considera que mostrar á veciñanza os proxectos antes da súa realización pode mellorar a obra e aportar solucións a problemas que se poidan ocasionar con posterioridade.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas presenta esta proposta en forma de **ROGO** ó Sr. Alcalde solicitando,

Que o goberno municipal faga unha p'resentación ó público previa á aprobación dos proxectos

de obras.”

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Sempre estamos contando coa palabra dos afectados e dos veciños en xeral.

**PREGUNTAS:**

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pasan xa das doce da noite, temos dous opcións, ou deixalas preguntas para o Pleno seguinte ou as apuntamos e as contestamos por escrito.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** ¿Para constestalas por escrito que facemos unha solicitude por rexistro?

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non, díctanse agora e apuntamos.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Teño varias:

1. Respecto da contratación da Policía Local no Pleno de decembro din que non é prioritario, en abril que o estaban estudando, en xuño piden información aos técnicos. Nestes días sae na prensa que ían contratar un Policía Local, queríamos saber se se iniciou o expediente de contratación.

Na propia nota de prensa se falaba de convocar dous prazas, queríamos saber se é factible convocalas porque nos consta que a RPT non está aprobada.

2. Xa preguntei no mes de xuño, sobre a situación do camiño que pecharon en Torreiro en Soutelo, daquela o Alcalde contestou que se ían facer as xestións co Concello de Tui e abrir un expediente de investigación, ¿que se fixo ao respecto?

3. Respecto dos orzamentos de 2017 ¿se van a presentar? ¿E que vai ser do 2018? ¿Se vai a prorrogar o de 2016? Nada máis.

**VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP):** Boas noites,

4. Temos constancia que no Rexistro de Saída hai un documento do dezaseis de marzo no que Marcos Besada envía un documento ao Consorcio de Augas do Louro dun proxecto para o saneamento das parroquias de Soutelo e Entenza, ¿en que fase se atopa?

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Nós tamén eliximos que se contesten por escrito, sobre todo porque os Plenos Ordinarios son cada dous meses e se quedan para o seguinte algunhas quedarían fora de contexto.

As primeiras son para a Concelleira de ensino e benestar social,

5. En relación as unitarias xa que entraron por rexistro varias solicitudes de arranxos, ¿está todo previsto para o comezo do curso e se se atenderon todas as peticións ou quedou algunha sen atender?

6. Outra é en relación coa unitaria da Revolta, aínda que agora non vai a coller rapaces este ano, supoño que se intentará que acolla alumnos outro ano e senón que se lle dea outro uso pero para iso habería que facer un mantemento mínimo para outro uso que se lle poida dar. ¿Teñen pensado algo?

7. Sobre a climatización da Galiña Azul, as traballadoras da Galiña Azul nos comunicaron que o Consorcio aceptara a climatización, ¿teñen vostedes constancia e se se instalou ou hai datas establecidas para facelo?

A seguinte pregunta é para a Concellería de deportes,

8. Nos fixeron chegar queixas de que resulta difícil utilizar as pistas de Pádel por parte dos veciños xa que hai unha persoa dando clase e que reserva a maioría das horas do día, xa sexa no seu nome ou no nome das persoas que van a recibir estas clases e moitos veciños teñen a queixa de que sempre atopan a pista ocupada tendo que ir a municipios veciños e pagar polo uso das mesmas, ¿ten constancia? ¿hai algún convenio coa persoa que da as clases?

As outras tres preguntas que quedan son para o Alcalde,

9. Estes días presentamos dirixido a vostede, unha solicitude dun informe por parte de Secretaría para que nos dixera da legalidade da aprobación dos proxectos sen acordo plenario, é verdade que non temos os suficientes concelleiros para pedilo, sabemos que é vontade do Alcalde dalos e a miña pregunta é se ten pensado entregarnos o informe ou vamos ter que pedirlo aos compañeiros do PP para ter o quorúm suficiente.

10. Sobre a convocatoria urxente da comisión de seguimento entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello con data 10 de xullo, digo que o publicou nas redes sociais, aínda non tiveron acceso ao rexistro, digo porque pedín a documentación dos últimos traslados de información, co Servizo Galego de Saúde e xusto esa solicitude non ma deron fotocopiada. Quero saber se lle deron resposta. E se lla deron e foi afirmativa se vai a deixar, tal é como solicitou o PSOE participar na mesma ou non.

11. A última, sobre a Senda peonil ou ciclista que se vai facer en Parderrubias, temos constancia que os veciños presentaron suxerencias, o BNG presentou un escrito pedindo que se informara aos veciños, a miña pregunta é por que non se informou aos veciños afectados que estaba a exposición pública e como se xestou ese proxecto. Hai notas de prensa de outubro de 2016 se non houbo dende entón tempo para explicar o proxecto publicamente.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Serán contestadas por escrito.

Non habendo máis temas que tratar, ás 00:41 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaría do Concello, dou fe.